

foz

A nova vía das Lagoas en Foz mellora seguridade e mobilidade, conectando coa praia de Llas. **Páx. 9**

burela

O Concello aproba medidas clave en vivenda, depuración de augas e atención asistencial. **Páx. 12**

ribadeo

O plan viario do Goberno local dá un novo paso con obras en tres parroquia. **Páx. 14**

cervo

Piscina e Casa do Mar contan con novos sistemas que combinan innovación e aforro. **Páx. 18**

xove

Tres proxectos clave modernizan as estradas e aseguran unha circulación máis fluída. **Páx. 24**

Un Nadal vibrante

A comarca presenta a súa programación especial para o mes de decembro con múltiples propostas culturais, deportivas e familiares



Conceden un galardón á UNED de Lugo

Carlos García, codirector de LugoNaturalMente, presume deste premio. **Páx. 8**

25 anos de arqueoloxía en Mondoñedo

Unha edición centrada no Fenómeno Xacobeo e o Camiño de Santiago. **Páx. 23**

Callo Fest



Música, tradición e diversión combínanse na Praza dos Campos de San Cibrao. **Páx. 18**

Música para salvar vidas



Vinte anos dignificando a infancia ugandesa desde o corazón da música. **Páx. 27**

Eco das Minas



A súa presidenta impulsa a identidade cultural e a participación veciñal. **Páx. 28**

A Deputación aproba os orzamentos

As contas do 2026 superan os 135 millóns de euros e soben un 3,7 % respecto a 2025. **Páx. 30**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A MARIÑA

Rúas e prazas encheranse de festa

Concursos, papanoeladas e mercados animarán, entre outros, un Nadal cargado de diversión e sorpresas para todos os públicos

A chegada do Nadal enche A Mariña de luces, música e actividade. As Papanoeladas, os concursos, as carreiras ou os mercados dinamizan os concellos, mentres que outras actividades completan unha programación variada e pensada para toda a veciñanza.

PAPANOELADAS

A Mariña volverá celebrar este Nadal cunha explosión de cor, motores e solidariedade grazas ás múltiples Papanoeladas moteiras que diferentes concellos organizan para estas datas. Trabada abrirá a programación o sábado 20 de decembro, ás 16:30 horas, coa súa segunda edición, impulsada polo Motoclube A Cadeira.

No Valadouro, a tradicional comitiva chegará o 24 de decembro, cun desfile que partirá ás 12:00 horas da praza de Santa María. Agárdase unha xornada chea de panxoliñas, xogos infantís e chocolate quente. Mondoñedo celebrará o domingo 21 de decembro a súa oitava Papanoelada, organizada polo Moto Clube Ruta N-634. Ás 12:00 horas arrancará unha concentración que percorrerá as rúas antes dunha sesión vermú con callos, sorteos, colchonetas e chocolate. Ese mesmo día, Ribadeo sumará o seu propio desfile moteiro ás 17:30 horas diante da Casa do Concello, cun percorrido cheo de música, luces e traxes vermellos que rematará cunha chocolatada popular.

MERCADOS

Tamén haberá tradicionais mercados de Nadal, que volverán encher prazas e rúas. En Trabada celebrase o sábado 20 de decembro na Praza do Concello cunha ampla programación desde as 11:30 horas.



Haberá postos artesanís, exposición fotográfica, obradoiros infantís, actuación musical e unha papanoelada moteira con chocolate e biscoito. A tarde inclúe contacontos e a visita de Papa Noel e do Apalpador, ademais de inchables e servizo de bar. Tamén Cervo prepara a súa cita festiva: o Mercado de Nadal da Asociación Cultural Airiños do Xunco celebrase o 13 de decembro. En Vegadeo, Piantón acollerá o II Mercado de Nadal os días 20 e 21 de decembro, de 12:00 a 20:00 horas, na Praza de San Esteban. Lourenzá súmase á programación o domingo 14 de decembro coa celebración do seu Mercadiño de Nadal na Praza Conde Santo, de 11:00 a 20:00 horas, con participación gratuíta e propostas de artesanía, doces e agasallos. En Xove, celebrase un mercado baixo o nome O Faio de Generosa. Será os días 20 e 21 de decembro, cun horario de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00. O XI Mercado de Nadal – A Trastenda de Nicomedes de Viveiro, promovido pola Asociación Cultural PROA de Viveiro, celebrase do 19 de decembro de 2025 ao 4 de xaneiro de 2026 na Sala Multiúsos do Concello.



CONCURSOS POSTAIS

O Nadal tamén está cheo de creatividade con concursos culturais para a infancia e mocidade. En Foz, a Biblioteca Municipal Salgado Toimil activa o XXI Concurso de Postais de Nadal, aberto ao alumnado do concello. As obras poderán presentarse ata o 12 de decembro. A postal gañadora converterase na felicitación oficial do Concello para o Nadal de 2025.

Na Pontenova, a Asociación Eco das Minas organiza o primeiro Certame Infantil e Xuvenil Un Nadal musical, dirixido a participantes de 3 a 15 anos, estará aberto ata o 19 de decembro. As creacións pasarán despois a formar parte dunha mostra pública. Tamén en Burela convócanse o Concurso de Postais e o Certame de Poesía Infantil “Nadal 2025”, que buscan estimular a expresión artística e literaria. As postais poderán entregarse ata o 12 de decembro e estarán expostas na Casa da Cultu-

ra, mentres que os poemas deberán presentarse antes do 19 de decembro. Os textos premiados avanzarán á fase provincial. Barreiros completa a oferta cos seus certames infantís de debuxo e poesía, abertos ata o 18 de decembro e dirixidos a crianzas de entre 3 e 16 anos, mantendo un formato participativo e accesible.

CONCURSOS DECORACIÓN

As iniciativas de decoración multiplicaranse este ano en varios concellos da zona, que apostan por poñer en valor a creatividade veciñal. En Mor, no Concello de Alfóz, a Asociación Veciñal impulsa a segunda edición do certame de fachadas, no que as vivendas socios poden presentar decoracións visibles entre o 20 de decembro e o 6 de xaneiro. Pola súa banda, o Concello de Mondoñedo convoca a sétima edición do seu concurso de decoración, con inscricións abertas ata o 5 de decembro e dúas modalidades: individual e colectiva. En Trabada, a Asociación Cultural O Picato reforza o seu concurso de adornos elaborados unicamente con materiais reciclados, que se ex-



Concello do Vicedo

O concello do Vicedo deséxalle a todos os seus veciños un bo nadal e un próspero aninovo

porán na praza do Concello ata o 7 de xaneiro. Os premios, entregados no mercado de Nadal do día 20, recoñecerán a creatividade sostible.

CAMPAMENTOS

O Concello de Trabada organiza un Campamento gratuito do 22 de decembro ao 2 de xaneiro para nenos de 3 a 12 anos, con obradoiros e actividades de lecer. As inscricións, con prazas limitadas, estarán abertas ata o 16 de decembro. En Mondoñedo será do 22 de decembro ao 5 de xaneiro. A inscrición, aberta estará aberta ata o 18 de decembro.

Na Pontenova chega o Christmas Camp, con manualidades, xogos e vilancicos os días 22 e 29 de decembro para maiores de 4 anos, e o Campamento municipal, dirixido a nenos de 3 a 14 anos entre o 22 de decembro e o 2 de xaneiro. Pola súa banda, o Concello de Xove abre inscricións para Xove Concilia Nadal 2025-2026, programa para nenos de 3 a 10 anos do 22 de decembro ao 5 de xaneiro. As solicitudes poden realizarse na OMIX ou na Sede Electrónica.

Viveiro porá en marcha do 22 ao 26 de decembro o programa Ocio por Nadal 2025, con actividades para nenos de Primaria no pavillón Antonio Tarrío. Haberá 60 prazas e a inscrición está aberta ata o 12 de decembro. Se hai máis solicitudes ca prazas, farase un sorteo público. Cervo impulsa unha nova edición de Cervo Concilia, para nenos de 3 a 12 anos que funcionará do 22 de decembro ao 7 de xaneiro con actividades lúdicas e formativas. As inscricións, con prazas limitadas, estarán abertas ata o 17 de decembro. Do 22 ao 31 de decembro (agás os días 25 e 28) e o 2 de xaneiro, desenvolverase o Campamento de Conciliación de Foz na Sala Bahía e de 10:30 a 14:00 horas, con quedas de Madrugadores e actividades dirixidas a nenos de 3 a 12 anos.



BELÉNS

O Concello de Viveiro inaugurará o 5 de decembro o Belén xigante “Viveiro ante o Berce”, co alumado na Praza Maior e chocolatada para a veciñanza. En Xove, o Belén de A Rigueira abrirá o 7 de decembro, permanecendo ata o 11 de xaneiro, con visitas sábados, domingos e festivos de 16:00 a 19:00 horas.

DEPORTE

O Vicedo e Ribadeo despedirán o ano correndo con dúas citas deportivas que encherán de ambiente festivo as rúas o 31 de decembro. No Vicedo celebrarase a primeira edición da San Silvestre 2025, organizada pola Comisión de Festas Santo Estevo do Val, cun formato pensado para toda a familia: ás 16:30 horas iniciárase a proba infantil de 500 metros e ás 17:00 partirá a carreira absoluta, de 5 quilómetros.

Pola súa banda, Ribadeo acollerá a XXXV San Silvestre na que haberá varias carreiras infantís desde as 16:40 horas e a proba principal, tamén de 5 quilómetros, botará a andar ás 17:00. As inscricións permanecen abertas ata o 25 de de-

cembro.

A vila de Foz celebrará o 21 de decembro a décima Run Foz Run Nadal, con andaina, carreiras infantís e proba absoluta de 5 km. As inscricións poden facerse ata o 17 de decembro, nun evento xa tradicional no Nadal focego.

O Concello de Barreiros organiza o 4 de xaneiro a Carreira e Andaina Solidaria de Reis, combinando deporte e solidariedade. As inscricións están abertas ata o 1 de xaneiro, e as achegas destínanse á asociación Somos Unidos por el Cáncer.

FESTAS

Os municipios da Mariña ultiman os preparativos para celebrar a chegada de 2026 con propostas diversas que combinan festa, gastronomía e música en directo. Na Pontenova, a Praza dos Fornos converterase nun dos epicentros da noite grazas á tradicional celebración de Fin de Ano, organizada polo Concello coa colaboración do CIT e Motereo. A partir da unha da madrugada, o Grupo Fénix e o DJ Bombardero serán os encargados de manter o ambiente festivo ata ben entrada a noite.

Mentres, en Riotorto, o pavillón



municipal acollerá a súa verbena de Fin de Ano, un clásico da localidade que comezará tamén á unha da mañá cun baile popular amenizado polo Dúo Epo-K. A entrada será gratuita e haberá servizo de bar durante toda a madrugada, culminando cunha das tradicións máis queridas: chocolate quente de balde ás cinco da mañá para todos os asistentes.

Pola súa banda, en Viveiro, a Comisión de Festas do San Roque impulsa a segunda edición da súa Cea-Baile de Nadal, que se celebrará o 19 de decembro. A celebración completárase cunha barra libre e música dun DJ ata as tres e media, nun evento con prazas limitadas e

reserva previa.

Burela despedirá o 2025 cunha festa na Praza da Mariña, onde Conxuro Disco Móvil animará a noite de 00:30 a 05:30 con clásicos e hits actuais. A celebración busca ofrecer un ambiente familiar, divertido e seguro, facendo do evento un encontro inesquecible para recibir o 2026.

A Praza do Souto de Cervo acollerá o 24 de decembro a Noiteboa Infantil de Cervo, con maxia, baile e humor do pallaso Rudi Dudi desde as 18.00 horas, chocolatada e a visita de Papá Noel ás 19.30. Haberá tamén sorteos e actividades pensadas para promover a convivencia e a ilusión das familias.

EXTENDEDOR DE SILO
MODELO
VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ
MODELO CORISTANCO

TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS,
FORESTALES, BIOMASA...

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS
AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA

¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

Máis de cento cincuenta actividades de Nadal

As vilas mariñas activan unha intensa programación cultural e familiar que se estende entre decembro e xaneiro

A música
consólidase
como fío
conductor
dunhas festas
cheas de
coros, bandas,
concertos,
panxoliñas e
espectáculos

O Nadal 2025 en A Mariña promete ser un dos máis completos dos últimos anos, cunha programación cultural, deportiva e infantil que abarca desde decembro ata xaneiro en concellos como Foz, Burela, Ribadeo, Cervo, Pontenova, Mondoñedo, Alfoz, Xove e O Valadouro. As actividades inclúen espectáculos musicais, teatro, cabalgatas, obradoiros, inchables, cine, rutas e citas solidarias, pensadas para todas as idades.

Foz: música, teatro e Papá Noel
O Concello de Foz iniciou o seu programa o venres 19 de decembro ás 20:00 horas co Festival da Escola de Música na Sala Bahía. O sábado 20, tamén ás 20:00 horas, terá lugar o Festival de Nadal da Coral Polifónica na Igrexa Parroquial. O domingo 21, ás 12:00 horas, a Sala Bahía acollerá o Musical de Nadal O Feitizo.

O mércores 24 de decembro, Papá Noel percorrerá as rúas de 11:00 a 13:30 horas. A programación infantil continuará o sábado 27 e domingo 28 con inchables e xogos en horario de mañá e tarde, e ás 20:00 horas do 27 celebrarase un concerto da Banda Municipal, mentres que o domingo 28 ás 12:00 horas terá lugar a obra Esperando ao doctor Monifate... con Lombao. A Festa de Fin de Ano organizarase o mércores 31 pola tarde na Sala Bahía, e o luns 5 de xaneiro chegará a esperada Cabalgata de Reis. O programa pecharase en xaneiro co Festival



Infantil A Subela (10 de xaneiro), a Festa de San Brais (30 de xaneiro) e a Cea de Coroación (31 de xaneiro).

Burela: unha axenda cultural diversa

Burela presenta actividades na Casa da Cultura desde o sábado 29 de novembro, ás 20:00 horas, coa representación do musical tributo Leyendas, de Queen e Michael Jackson. Durante o Nadal, haberá teatro, concertos, espectáculos humorísticos e actividades infantís ata o 30 de decembro. Algúns eventos con venda anticipada de entradas inclúen Leyendas, o concerto de tango Desde el jardín del alma (13 de decembro) e Romeo y Julieta de Prokófiev (26 de decembro). Outras representacións profesionais e afeccionadas, como Peitoescuro (6 de decembro) e Berenguela na gaiola (4 de decembro), contan co apoio da Vicepresidencia da Deputación da Coruña.

Ribadeo: música, maxia e tradición polas rúas

Ribadeo combina música, teatro e tradición coas actividades familiares. Entre os eventos destacan o Festival de Nadal da EMMd (13 de decembro), teatro infantil Toliliates. Trécola Teatro (14 de decembro), e concerto do Coro Sagrado Corazón no Centro de Día (15 de decembro). O 19 de decembro haberá dobre celebración con Argaedo de Nadal na Residencia e Centro de Día. O 20 actuarán As Mestas de Conto na Biblioteca Municipal e Maxica-mente, promovido pola asociación Saúde Mental da Mariña.

O 21 de decembro a Papanolea percorrerá as rúas e Rinlo, e ás 20:00 horas concerto da Coral Polifónica xunto ao Coro Sagrado Corazón na igrexa parroquial. O 24 celebrarase o Desfile de Papá Noel. O 27 de decembro haberá o espectáculo Aquí como en Viena. BMMR ás 19:00 horas no auditorio, se-

guido dunha festa de pre-fin de ano organizada pola asociación Catro Caños. O 28, a Coral Polifónica percorrerá as rúas; o 29 e 30 haberá sesións de cine de Nadal e actividades familiares no Parque de San Francisco, e o 30 ás 12:00 horas terá lugar a marcha Interxeneracional San Silvestre. O 31 celebrarase a tradicional Carreira San Silvestre, e en xaneiro, o 2 e 3, cantos de Reis e concerto con María do Ceo e a Coral Polifónica, pechando o 5 de xaneiro coa Cabalgata de Reis. O 10 de xaneiro finalizará a programación co Musical Mago de Oz e a festa do comercio.

Cervo: máis de trinta actividades

Cervo ofrece máis de trinta propostas, desde o 17 de decembro co Día do Socio do CIT ás 21:00 horas, ata o 5 de xaneiro coa Cabalgata de Reis. O 19 de decembro Papá Noel e un elfo visitarán os centros escolares pola mañá. Os días 20 e 21 celebraranse actividades xuvenís co Interactive Super Grid e a pista multibstáculos de 27 metros en horario de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas na Praza dos Campos, xunto co Gauteague Arroutiñas de Nadal ás 19:30 horas.

O 21, Papá Noel volverá visitar o municipio; ás 17:00 horas en Trasbar, coa correspondente merenda e chocolatada. A Gala de Nadal terá lugar no Salón de Actos ás 19:30 horas. Os días 22, 23 e 24 desenvolveranse as actividades xuvenís Tren de Nadal e downhill rollerball, mentres que o 23 haberá nova visita de Papá Noel ás 11:30 horas na escola infantil e ás 17:00 horas no Centro de Día, ademais dunha Festa Acuática de 17:00 a 20:00 horas. O 26 celebrarase o Callo Fest ás 20:00 horas. O 27 e 28 desenvolveranse os Brincos de Nadal en horario de 12:00 e 17:00 horas, e o 29 e 30 Nerf, obradoiros de

Cuando necesitas energía
limpia y accesible, **él está aquí**

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es





tatuaxes e chapas. O 30, ás 17:30, terá lugar outro Gaitegue Arroitiñas de Nadal. O 31 a animación trasladarase á Praza dos Campos con alfombras de baile de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:30 horas e a I Carreira Popular San Silvestre A Fume de Carazo ás 12:00 horas. O 2, 3, 4 e 5 de xaneiro completarán a programación con maxia infantil, concertos e Cabalgatas de Reis.

Mondoñedo: Vila Nadal e tradicións centenarias

Mondoñedo programou actividades desde o 12 de decembro coa exposición de Pepe Pernas ás 18:00 horas, recital de Nadal o 18 ás 20:30 horas e teatro co Ciclo Francisco Piñeiro o 19 ás 20:30 horas con Aire Fresco. O sábado 20 ás 20:30 horas, Asasinato na tenda de roupa, e ás 13:00 horas, concerto de panxoliñas Cantando ao Nadal. O 24 celebrarase a Misa do Galo á medianoite, e o 25 a Misa de Nadal ás 12:00 horas. O 26 ás 20:00 horas actuación da Banda de Música de Vilalba. O sábado 27, ás 17:30 horas visita do Apalpador, e ás 19:00 horas

apertura do Vila Nadal Mondoñedo, con *foodtrucks*, exposición de Harry Potter, espectáculos e artesanía. Ás 20:00 horas, concerto O Alento do Barroco Alemán no Centro Cultural Santa Emilia, e ás 00:30 horas baile de pre-fin de ano. O 28 continuarán as actividades con Bolechas ás 12:30 horas e Voces da Paula ás 18:00 horas. O 30, precampanadas infantís ás 18:00 horas con concerto de K-Pop, e ás 23:30 baile de pre-fin de ano. O 31, Andaina de Fin de Ano ás 11:00 horas e ás 23:59 horas as Badaladas da Paula. A Cabalgata dos Reis pechará o programa o 5 de xaneiro.

Alfoz: cultura, teatro e festa infantil

Alfoz comeza o 13 de decembro co espectáculo infantil O Castiñeiro do Apalpador, entrega de agasallos e exposición do XXIII Concurso de Postais de Nadal. O 19 de decembro entregarase o Concurso Balbino de Relatos, e o 20 e 27 de decembro concertos de Nadal a cargo da Banda de Vilalba e da Big Band da Escola de Música de Mondoñedo. O 28 e 29

de decembro celebrarase a Festa de Nadal no Pavillón Municipal con inchables, tobogáns xigantes, pista de obstáculos, obradoiros e xogos para todas as idades.

Xove: maxia, música e Cabalgata

Xove terá a VII Gala do Emprendemento Local o 12 de decembro ás 20:30 horas, concerto de Nadal o 20 ás 18:00 horas, e Cántares de Reis o 21 ás 12:30 horas. Os máis pequenos contarán con animación musical, visita de Papá Noel e chocolatada o 22 ás 17:30 horas, e o 23 ás 18:00 horas A Tola Academia de Maxia. O 26 concurso de karaoke ás 21:30 horas, o 30 obra teatral O Apalpador e a nena sen medo ás 18:00 horas e a festa infantil de Fin de Ano o 31 ás 11:00 horas. En xaneiro, actuacións de Os Acordeonistas da Mariña o 3 ás 19:00 horas, xogos acuáticos o 4 e Cabalgata de Reis o 5 ás 19:00 horas, seguida de festa coa Disco Móbil Conxuro.

Pontenova: teatro e tradición con A Chocolateira

Na Pontenova, a Asociación Musical Eco das Minas, A Cho-

colateira, organiza un obradoiro infantil o 22 de decembro de 17:00 a 18:30 horas na Casa das Asociacións, con kamishibai e manualidades. O sábado 27, ás 17:30 horas, María Balteira ofrecerá un espectáculo familiar no Salón de Actos da Casa da Cultura. O 3 de xaneiro, a programación pecharase cos Cantos de Reis polas rúas da vila.

O Valadouro: teatro, cine e Cabalgata

O Valadouro iniciará as celebracións o 6 de decembro coa obra de Os Pícaros de Lagoa, seguido de A herencia de Xoana do grupo Abrente o 14 e o Concerto de Nadal do grupo Ao Compás do Río Ouro o 19. O 26 presentaráse o Caderno 17 do Seminario de Estudos do Valadouro. En xaneiro, o 2 cine infantil, o 5 a Cabalgata de Reis coa recepción oficial e degustación de roscón con chocolate, e entre o 22 de decembro e o 2 de xaneiro obradoiros infantís de decoración, manualidades, karaoke, sesións de DJ, xincanas e *escape room*.

A diversidade
da programación
permite que
cada quen
atope o seu
espazo: desde o
público infantil
ata a mocidade
e as persoas
maiores

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

María Ferreiro Santos, nova secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego

O Sindicato Labrego Galego deu un paso clave na súa estrutura durante o XI Congreso celebrado en Lalín, ao que asistiron arredor de 400 persoas, definindo o rumbo do sindicato para o próximo cuadrienio. A principal novidade foi a renovación da Secretaría Xeral, coa saída de Isabel Vilalba tras trece anos, e a elección de María Ferreiro Santos, gandeira de Curtis, que asumirá o cargo tras desempeñar durante máis dunha década a Secretaría das Mulleres. O Congreso tamén aprobou a creación dunha Secretaría de Acción Sindical, destinada a reforzar a capacidade de intervención do sindicato. Brais Álvarez, apicultor de A Pontenova, asumiu esta área, que complementará as funcións da Secretaría Xeral e potenciará a organización comarcal. María Ferreiro destacou no seu discurso a importancia do relevo xeracional, alertando de que só tres de cada dez persoas novas substitúen aos labregos que deixan a actividade, e reclamou políticas públicas que aseguren a



continuidade das granxas, a dispoñibilidade de terra e vivenda, mellores canles de comercialización e apoio aos obradoiros colectivos. Aludiu tamén ás loitas contra proxectos que ameazan o territorio e aos recortes previstos na nova PAC. Brais Álvarez subliñou a mobilización social e a organización comarcal como eixes fundamentais para proxectar o malestar das labregas e labregos e garantir o futuro das granxas, reclamando cambios nas políticas de acceso á terra e incorporación da mocidade.

A Fundación Imdecum abre o prazo para participar na XVI edición do Concurso Fotográfico

A Fundación Imdecum, en colaboración coa Deputación de Lugo, convoca un ano máis a XVI edición do Concurso Fotográfico Imaxiña, unha iniciativa que busca promover a formación en fotografía e permitir que a xente nova e as asociacións expresen a súa visión sobre A Mariña a través da imaxe. O prazo para enviar fotografías estará aberto do 1 ao 31 de decembro de 2025, e cada participante poderá remitir entre unha e tres imaxes ao correo contacto@imdecum.com. O concurso conta con dúas categorías: unha destinada a estudantes de ESO, Bacharelato e ciclos formativos dos diferentes centros educativos da comarca, e outra para asociacións de persoas con discapacidades, entre as que se inclúen Saúde Mental A Mariña, Fundación Eu Son, Camiña

e ASPANANE. Os gañadores recibirán un vale de 150 euros en material fotográfico ou informático en Informática Lindín e un diploma. Ademais, dentro das actividades do concurso, impartirase o luns 15 de decembro unha charla sobre fotografía de reportaxe no IES Monte Castelo, a cargo do fotógrafo de El Progreso Joe Álvarez, acompañado de Sabela Blanco, xefa de prensa e fotógrafa do CD Burela FS. Esta sesión permitirá aos alumnos coñecer de primeira man a fotografía social, temática central do certame, e aprender sobre o uso das imaxes máis aló das redes sociais. O xurado, composto por membros da Fundación Imdecum, Joe Álvarez e Sabela Blanco, emitirá o fallo en febreiro ou marzo, sendo tamén os encargados de entregar os premios.

A oposición esixe á Xunta máis recursos para a comarca

A situación da Mariña volveu ao centro do debate político logo das valoracións realizadas polo PSdeG-PSOE e polo BNG en relación coa planificación da Xunta para 2026. Ambas formacións coinciden en sinalar que o Goberno galego continúa relegando á comarca, tanto no eido industrial e social como no ámbito sanitario e de infraestruturas. A primeira das reunións tivo lugar no Concello de Oulol, onde o PSdeG-PSOE celebrou a súa xuntanza comarcal mensual nun contexto marcado pola renovación da Executiva Provincial e o labor de coordinación que está a desenvolver María Loureiro. Durante o encontro, os socialistas advertiron de que a Mariña segue a ser “unha comarca esquecida pola Xunta”, algo que —subliñaron— se reflicte na falta de infraestruturas axeitadas, no debilitamento do tecido industrial e na perda continuada de oportunidades económicas. A sanidade pública volveu situarse entre as principais preocupacións. O PSdeG-PSOE denunciou as carencias nos centros de saúde e, especialmente, no Hospital da Mariña, onde a falta de profesionais e de servizos estaría a deteriorar a atención á cidadanía. A vivenda foi outro punto crítico: os socialistas sinalaron como “incomprensible e inxusta” a ausencia da Mariña no anuncio da Xunta sobre a construción de 4.000 vivendas públicas ata 2026, e reclamaron a súa inclusión inmediata, así como un diagnóstico rigoroso da demanda



e unha colaboración real cos concellos. “A Mariña tamén merece futuros”, afirmou Loureiro. Nunha liña paralela, o BNG fixo públicas as emendas presentadas aos Orzamentos da Xunta para 2026, nas que denuncian que os investimentos directos previstos para a Mariña apenas superan os 18 millóns de euros. O deputado Daniel Castro afirmou que as contas “lle dan as costas á comarca”, e destacou que as propostas nacionalistas duplican esa cifra. O BNG pide actuacións en vivenda, como a compra de inmobles baleiros en Foz, a creación de vivenda pública no Valadouro ou a activación do programa REXURBE en Mondoñedo. Reclama tamén máis solo industrial en Barreiros, A Pontenova, Muras e O Valadouro, así como un Plan de Emprego comarcal que mitigue a perda de actividade dos últimos anos. As emendas inclúen reforzo sanitario, con peticións como recuperar o segundo técnico da ambulancia me-

dicalizada de Foz ou incorporar prazas de especialista, ademais de mellores no ciclo da auga en Barreiros, O Vicedo, Viveiro, Xove e Lourenzá. En infraestruturas, os nacionalistas esixen avances reais na VAP Costa Norte e a reforma da LU-161. Outras propostas abarcan educación —con mellores en centros de Burela e ampliación da oferta en Foz—, a creación dun terceiro xulgado en Viveiro e actuacións ambientais e de mobilidade en Alfoz, O Valadouro, Barreiros, Foz e Lourenzá. **PP.** O PP da provincia acusa o PSOE de deturpar a realidade sobre a vivenda pública na Mariña e defende que a Xunta mantén activas axudas e programas de rehabilitación, construción e xestión de solo. Lembran as achegas a concellos como Trabada e Oulol e o investimento do programa REXURBE na comarca.

Queremos Galego da Mariña pide mobilizarse polo uso do galego

A Plataforma Queremos Galego da Mariña celebrou un encontro en Foz para avaliar o desenvolvemento do proceso Lingua Vital, unha iniciativa que percorre Galicia co obxectivo de recoller propostas e impulsar accións que reforcen o uso social do galego. Durante outubro e novembro realizáronse reunións en diferentes comarcas, nas que colectivos e persoas achegaron ideas para frear o deterioro da lingua, ante o descenso cons-



tante de falantes que “exixe medidas firmes e inmediatas”. Queremos Galego destacou que a súa misión é tanto reivindicativa como propositiva: defender o uso público do galego, promover a súa normalización e canalizar a preocupación cidadá pola “falta de impulso e apatía do Goberno galego”. No plenario analizáron-

se tamén os apartados da enquisa dispoñible na web, que avalía o cumprimento do Plan de Normalización Lingüística de 2004, animando a veciñanza a cubrila individualmente ou a través de asociacións. A plataforma aposta por recuperar iniciativas positivas que devolvan o orgullo de usar o galego en ámbitos laboral, administrativo, social e persoal, lembrando o seu papel histórico como símbolo de identidade e resistencia. Finalmente, avanzaron que están a deseñar novas actividades para os vindeiros meses, afrontando retos como o relevo xeracional, a integración lingüística da poboación inmigrante e a necesidade de medidas estratéxicas para revitalizar o uso social do galego na comarca.

Festa do Comercio

ACISA RIBADEO

Sorteamos 5000€

e unha viaxe para dúas persoas a Menorca

Sorteo Presidencial de

- 1 premio de 2000€
- 1 premio de 1000€
- 1 premio de 500€
- 1 premio de 200€

3 sorteos a lotería para dúas persoas

Sorteo para Menorquistas de

- 1 premio de 200€

Sorteo a 15 de outubro de 2025 en Foz de Lugo

polas tuas compras do

1 de decembro ao 31 de xaneiro

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



A Deputación completa o proxecto de desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena

O ente provincial invertiu en total 2,4 millóns de euros neste importante acceso de Lugo

Este novo tramo contará como os anteriores, cunha plataforma cun ancho de 32,5 metros, con dous ou tres carrís de circulación por cada sentido, carrís bici, beirarrúas, mobiliario urbano como bancos e papeleiras, e tamén arboredo. Ademais sinalou que os traballos inclúen a renovación do abastecemento, saneamento e alumeadado para dotar de servizos a un futuro crecemento da cidade.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que coa finalización desta obra "completamos un acceso espectacular, o mellor que terá Lugo e onde fai máis falta pola afluencia de tráfico que ten".

Pola súa banda o rexedor municipal, Miguel Fernández Méndez explicou que "é visible o cambio que vai experimentar este acceso á cidade, nunha zona con gran peso comercial e industrial, pola súa proximidade ao centro comercial e aos polígonos industriais, que contará ademais con arborado, iluminación, novo mobiliario urbano e que se adaptará á perfección co desenvolvemento de futuros solos e con ese modelo de cidade aberta e sostible, que todas e todos queremos para Lugo".

O alcalde agradeceu tamén "o compromiso da Deputación de Lugo e tamén o importante esforzo económico realizado, con eses 2,4M€ de inversión que implicará a ampliación desta entrada a Lugo, e que nos permite ademais avanzar nos proxectos de mellora doutros accesos a Lugo como a Avenida Adolfo Suárez".

O proxecto desde a glorieta de Garaballa á de Benigno Rivera

O proxecto, que conta cun investimento de 1,3M€, contempla o desdoblamento e a humanización da Avenida Infanta Elena no treito comprendido entre a glorieta Garaballa de Arriba e á de Benigno Rivera.

Este tramo, cunha lonxitude total de 456 metros, contará con dúas marxes de calzada dun ancho de 10,25 metros cada unha, distribuídas en tres carrís de circulación por sentido. Ademais, a marxe dereita dotarase dun carril bici cun ancho de 3 metros, e no caso das beirarrúas terán 4,05 metros de ancho a ambos lados, con árbores, iluminación, bancos e papeleiras.

Estes traballos tamén inclúen a renovación e dotación dos servizos de abastecemento, saneamento e alumeadado público, tendo en conta a situación actual e as demandas futuras que poida ter a contorna, como pode ser o desenvolvemento de solos urbanos ou urbanizables.



Obra realizada por:



ESPECIALIZADOS EN:

AUGAS
ESTRADAS
TECNOLOXÍA DO PAVIMENTO
CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

En Galicia desde 1969

A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO

PSOE e BNG acadan un acordo de estabilidade e cooperación clave



O Concello de Foz vén de selar un acordo de relevancia institucional entre o goberno local, encabezado polo PSdeG-PSOE, e o grupo municipal do BNG. Ambas formacións destacan que o entendemento acadado representa “un exercicio de responsabilidade política, diálogo construtivo e compromiso co interese xeral da veciñanza”, nun momento no que a administración local precisaba desbloquear varios expedientes de importancia para o seu funcionamento diario. O pacto foi formalizado polo alcalde de Foz, Francisco Cajoto, e polo voceiro do BNG, Francisco Xavier Fanego. Grazas a este entendemento, o pleno extraordinario celebrado en novembro puido sacar adiante documentos e trámites fundamentais para o Concello, relacionados tanto coa súa xestión económica como coa colaboración institucional con diferentes entidades. Segundo informou o executivo municipal, a abstención do BNG foi determinante para aprobar diversas modificacións de crédito, recoñecementos extraxudiciais de gasto e o convenio coa UNED de Lugo destinado a garantir o mantemento da aula universitaria de Foz. Trátase de materias que, segundo o goberno, son “impres-

cindibles para o funcionamento normal da administración e para manter o apoio económico a clubs, asociacións e empresas que desenvolven o seu labor en beneficio do municipio”. O equipo de goberno quixo tamén agradecer publicamente “a responsabilidade e a altura de miras do BNG”, recoñecendo ao mesmo tempo “as eivas e atrasos administrativos que se viñeron acumulando en determinados expedientes”. Deste xeito, o acordo inclúe compromisos orientados a mellorar a gobernabilidade e a planificación municipal durante os próximos meses. Entre estes compromisos destacan a participación activa do BNG na elaboración dos orzamentos municipais de 2026, a incorporación de persoal técnico ao organigrama do Concello e a definición dun paquete de investimentos por importe de 200.000 euros, que se destinarán a actuacións pendentes ou consideradas prioritarias. Tanto PSdeG como BNG puxeron en valor a capacidade de entendemento e o ton construtivo das negociacións, subliñando que este acordo “reforza a estabilidade institucional” e marca un camiño que esperan manter durante o resto do mandato municipal.

“Apostar por unha comunicación máis humana, creativa e próxima”

Carlos García, codirector de LugoNaturalMente, presume do Galardón Nacional de Boas Prácticas Universitarias á UNED de Lugo

A UNED de Lugo vén de ser distinguida co Galardón Nacional de Boas Prácticas Universitarias, concedido polo Consello Social da UNED, pola iniciativa “A Comunicación: unha nova ponte cara a Lugo”, un proxecto que permitiu modernizar e transformar a estratexia comunicativa do centro. Baixo a coordinación do Brand Manager da UNED de Lugo, Carlos García, consolidouse un modelo comunicativo innovador, baseado na diversidade de formatos e na vocación de reforzar a identidade institucional. Entre os avances máis salientables figura a campaña de matriculación “A Universidade Que UNE”, convertida nunha referencia que pon en valor o papel da educación pública e de calidade, así como a transmisión de cultura e principios entre xeracións.

Que significa para vostede e para o equipo da UNED de Lugo recibir este Galardón Nacional de Boas Prácticas Universitarias?
É un recoñecemento emocionante e, ao mesmo tempo, unha grande responsabilidade. Este premio avala un traballo colectivo sustentado na coherencia, na planificación estratéxica e na convicción de que a comunicación é unha ferramenta esencial para achegar a universidade á sociedade. Para nós representa a confirmación de que apostar por unha comunicación máis humana, creativa e próxima produce resultados reais.
En que consistiu o proxecto ‘A Comunicación: unha nova ponte cara a Lugo’?
Foi un proceso de transformación integral da estratexia comunicativa da UNED de Lugo. Non nos



centramos só nas canles, senón tamén na identidade, no relato e no propósito. O obxectivo era converter a comunicación nunha ponte viva entre a institución, o alumnado e a cidadanía, reforzando a marca UNED como referente educativo, cultural e social na provincia.
Un dos fitos máis destacados foi a campaña ‘A Universidade Que UNE’. Que representa este proxecto?
É a nosa “nena mimada”. É unha campaña que fala de unión, de valores e da transmisión cultural entre xeracións. Inspirada en O Mundo de Onte de Stefan Zweig, busca poñer en valor a educación pública como motor de cohesión social. Consequimos construír unha mensaxe emocional que conecta co territorio e coa súa xente.
Que impacto tivo esta nova estratexia na comunidade universitaria?
Os datos son claros: un incremento do 10% na matrícula, unha comunidade dixital que supera os 20.000 seguidores, 12 canles coordinadas e máis de 80 pezas audiovisuais ao ano. Ademais, o

noso videopodcast LCD, que superou as 80.000 reproducións na súa primeira tempada, consolidou unha posición de referencia para novas experiencias deste tipo na provincia.
Como valora o papel da comunicación na universidade actual?
A comunicación deixou de ser un complemento para converterse nunha auténtica columna vertebral. É a ferramenta que permite transmitir coñecemento, xerar confianza e fomentar o sentimento de pertenza. Nun contexto dixital e en constante cambio, a universidade debe ser clara, accesible e coherente coa súa misión social.
Que retos se marca a curto e medio prazo?
Queremos crear e seguir innovando, explorar novos formatos e continuar fortalecendo a conexión coa provincia de Lugo. Aspiramos a que a UNED de Lugo non sexa só un centro educativo, senón tamén un espazo de encontro, cultura e pensamento crítico. A comunicación debe seguir sendo ese fío invisible que une persoas, ideas e futuro.



XORNADAS DO COCIDO **38€** *Persona*
Sopa de Cocido, Morro, Oreja, Costilla, Panceta, Chosco, Chorizo, Ternera, Pollo, Patatas, Repollo y Garbanzos, Queso con membrillo, Tinto Mencía, Café y Chupito
Viernes, Sábado y Domingo

MENÚ NOCHEBUENA **40€** *Persona*
ENTRANTE Sopa de Marisco
PRIMER PLATO Merluza en Salsa de Almendras
SEGUNDO PLATO Carrilleras de Cerdo Ibérico al Vermut
POSTRE Tarta A Farola
Por cada dos menús una botella de albariño
Reservas hasta el día 20. Recogida hasta las 16:30 horas del día 24

MENÚ NOCHEVIEJA **45€** *Persona*
ENTRANTE Crema de Bogavante
PRIMER PLATO Suprema de Rape Relleno de Marisco en Salsa de Almejas
SEGUNDO PLATO Caldereta de Cordero Lechal con Patatinos y Pimientos Asados
POSTRE Tarta de Turrón, Uvas de La Suerte
Por cada dos menús una botella de albariño
Reservas hasta el día 28. Recogida hasta las 16:30 horas del día 31

C/ MARIÑEIRO CHILA 27, BAJO • 27780 FOZ, LUGO • 982 684 106

O Concello inaugura un viario accesible na zona das Torres

O Concello de Foz vén de poñer en funcionamento a nova vía das Lagoas, na zona das Torres, unha intervención financiada con case 68.000 euros a través do Plan Deputación 2024 e destinada a mellorar de maneira notable a seguridade e a mobilidade nunha área cun uso cada vez máis intensivo. A actuación incluíu a creación dun viario de sentido único que permite unha saída máis cómoda e ordenada do estacionamento, así como a instalación dun amplo paso peonil iluminado, deseñado para facilitar o tránsito da veciñanza e enlazar de maneira directa coa senda peonil que conduce á praia de Llas. O obxectivo, segundo sinalan desde o goberno local, é favorecer unha circulación máis segura tanto para vehículos como para peóns. O alcalde de Foz, Fran Cajoto, subliñou que esta obra responde a unha demanda veciñal e supón un novo avance no acondicionamento



da contorna: “É unha mellora moi importante para os veciños, facilitando o acceso ás vivendas e garantindo unha maior comodidade e seguridade en todo o ámbito das Lagoas”, afirmou. Cajoto incidiu tamén no compromiso do executivo municipal coa modernización do municipio e coa

creación de espazos urbanos máis prácticos e accesibles: “O que pretendemos é seguir mellorando a nosa vila e continuar apostando por esa transformación dunha vila que avanza cara a unha pequena cidade. A seguridade viaria e a comodidade deben ser parte esencial da nosa identidade”, concluíu.

Foz reclama vivenda pública e acusa á Xunta de evitar compromisos reais

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, acompañado pola tenente de alcalde Inés López e o concelleiro de Relacións Institucionais, Carlos García, acudiu ao Parlamento de Galicia para reclamar a creación dunha nova promoción de vivenda pública no municipio. A petición, formulada pola voceira socialista Lara Méndez, instaba á Xunta a asinar un convenio co IGVS para construír vivendas nunha parcela municipal e destinalas a alugueiro social. Porén, segundo explicou Cajoto, a resposta

do Goberno galego limitouse a prometer que “estudará” a proposta, sen compromisos nin prazos concretos, o que o alcalde considerou insuficiente. Cajoto subliñou que Foz vive unha situación crítica: o municipio continúa medrando —gañou 139 habitantes no último ano, ata acadar 10.415— mentres o mercado do alugueiro se reduce e dispara prezos. Desde setembro de 2022 os alugueiros aumentaron máis dun 50%, nun contexto no que non se construíu

vivenda pública desde 2005. O alcalde insistiu en que o modelo daquela promoción, na que o Concello cedeu terreos e a Xunta executou, é o camiño a seguir. Ademais, lembrou que Foz é un concello tensionado e turístico, con 85 persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda do IGVS, a cifra máis alta da comarca en relación á súa poboación. Por iso, reclamou que a Xunta exerza as súas competencias e actúe con urxencia para garantir o acceso a unha vivenda digna.

Fazouro contará con novas medidas para preservar o seu castro BIC



O alcalde de Foz, Fran Cajoto, expresou o seu agradecemento ao xefe de servizo de Arqueoloxía, Roberto Pena, polas actuacións previstas para mellorar a seguridade e a conservación do Castro de Fazouro, declarado Ben de Interese Cultural (BIC) no ano 2017. O rexedor destacou que se trata dun xacemento singular, “o único poboado costeiro escavado e posto en valor da costa cantábrica galega, un símbolo do noso pasado e do noso patrimonio”. As intervencións, que serán obxecto de contratación nos vindeiros días, inclúen a instalación dun valo con pivotes e corda para limitar o acceso á zona norte, a recolocación de pedras caídas e retacados, así como a limpeza das estruturas e a elaboración dunha diagnose do estado actual do xacemento. Ademais, levarase a cabo un novo estudo arqueolóxico e unha acción divulgativa para dar a coñecer tanto as

actuacións realizadas como a relevancia histórica do enclave. Cajoto sinalou que esta actuación resulta “urxente e necesaria, especialmente tras o derrube parcial do muro situado sobre os cantís”. Tamén lembrou que “hai poucos días o Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou no BOE o proxecto de retranqueo do paseo de Arealonga, unha obra de máis de 300.000 euros que permitirá conectar o Castro de Fazouro coa parroquia de Nois mediante un paseo humanizado e renovado”. Segundo o alcalde, “ambas intervencións son complementarias e contribuirán a poñer en valor un espazo de enorme valor patrimonial e paisaxístico, reforzando a identidade histórica e cultural da parroquia de Fazouro e de todo o municipio de Foz, ao mesmo tempo que favorecen o turismo responsable, a educación patrimonial e a participación da comunidade local nun proxecto colectivo”.

O NADAL DE FZ-CHAN

ONDE ME ATOPO??

Viveiro ofrece abonos a prezo reducido para o Resurrection máis ambicioso da historia

O Resurrection Fest 2026 continúa sumando nomes ao seu cartel, co anuncio dun novo bloque de 64 bandas que inclúe ao cabeza de cartel até agora sen confirmar: Sabaton. Xunto a eles, actuarán Iron Maiden, Limp Bizkit e Marilyn Manson, e outras formacións de renome como A Day To Remember, Anthrax, Mastodon, Testament ou Angelus Apatrida, así como bandas de metalcore, black, death, punk e rock alternativo, configurando un cartel “diverso, fresco e de alcance internacional” con máis de 80 artistas confirmados.

Paralelamente, o Concello manterá a súa iniciativa de ofrecer abonos a prezo reducido para persoas empadroadas, tanto normais como Pandemonium, desde o 2 de novembro nos Claustros de San Francisco.

Orquestras e coros protagonizan o ciclo musical das parroquias

O Concello pon en marcha o ciclo “Música nas parroquias”, que leva a interpretación instrumental e coral a diferentes recunchos do municipio entre novembro e decembro. A programación, que xa arrincou, continuará co Concerto de Nadal a cargo da Orquestra de Corda e o Coro do Lois Tobío, que terá lugar o venres 12 de decembro no Teatro Pastor Díaz ás 20:30 horas. Pechará a programación a actuación da Orquestra Trova da Mariña, programada para o venres 26 de decembro na Escola vella de Galdo ás 20:00 horas, ofrecendo así aos veciños e visitantes unha oportunidade única de gozar da música en directo, achegando diferentes estilos e interpretacións aos recunchos do municipio.

O Goberno local activa novas xestións coa Deputación para estradas e instalacións

O Goberno local deu dous novos pasos para mellorar a seguridade viaria e fortalecer a cooperación institucional coa Deputación de Lugo. Por unha banda, o goberno local remitiu unha solicitude formal para instalar dispositivos de redución de velocidade en tres estradas provinciais moi transitadas: a LU-P-6606 en Area, entre Louzao e a igrexa; a LU-P-6601, á altura do antigo cine; e as vías LU-P-6602 e LU-P-6608 no lugar da Feira, en Galdo. Estes tramos rexistran circulación constante e superación recorrente dos límites de velocidade, o que provoca preocupación entre a veciñanza. No caso de Galdo, o Concello lembra que xa reclamara estas melloras en abril, sen resposta, polo que a alcaldesa insta agora á Deputación a realizar estudos técnicos e adoptar medidas

efectivas.

Paralelamente, Gueimunde mantivo unha reunión co vicepresidente provincial, Efrén Castro, para analizar posibles liñas de colaboración deportiva e cultural.

No ámbito deportivo, o Concello solicitou apoio para completar as melloras no campo de Cantarrana Kiko Rey —incluíndo a substitución da cuberta de uralita e a reforma de aseos e fontanería— e para renovar o céspede do campo Marcos Gómez, moi deteriorado e xa fóra de vida útil.

En materia cultural, Viveiro reclamou incrementar a achega da Deputación ao Conservatorio Municipal, actualmente de 15.000 euros, así como colaborar nas necesidades do teatro Pastor Díaz e no proxecto de reforma da Praza de Abastos.

Impulsan a rehabilitación integral da Praza de Abastos

O Concello continúa avanzando na modernización das súas infraestruturas, tanto no ámbito comercial como no deportivo, cunha aposta decidida pola mellora dos servizos públicos. A rehabilitación integral da Praza de Abastos, é un proxecto que o Goberno local considera clave para impulsar o comercio de proximidade e reforzar o atractivo turístico da cidade. O Concello atópase xa na segunda fase da redacción técnica tras un completo diagnóstico previo, e prepara a solicitude de subvencións para financiar a execución das obras.

En paralelo, Viveiro iniciou tamén os traballos de mellora da eficiencia enerxética e da seguridade na piscina municipal, cun investimento de 48.324,48 euros ao



abeiro dun convenio coa Xunta. As actuacións inclúen o saneado interior do vaso pequeno, a reparación do falso teito, melloras na cuberta e renovación da pintura. Debido ás intervencións, os vasos pequenos permanecerán pechados temporalmente.

O Concello impulsa novas actividades para fortalecer o benestar das persoas maiores



O Concello de Viveiro reforza o seu compromiso co benestar das persoas maiores mediante novas iniciativas culturais e de lecer que fomentan un envellecemento activo e saudable. Entre elas destaca o programa “Viveiro Baila — Bailes de tarde para os nosos maiores”, que ofrecerá encontros mensuais para promover a

socialización e o entretemento. A seguinte sesión celebrarase o domingo 14 de decembro, ás 19.00 horas, con Verónica Cambón, acompañada de chocolate quente e biscoitos.

Ademais, o Concello organiza un obradoiro audiovisual gratuíto para maiores de 55 anos, impartido polo cineasta Manolo Gómez.

Augas de Galicia instalará novos medidores no río Landro tras as demandas do BNG de Viveiro

O BNG de Viveiro amosou a súa satisfacción tras coñecer que Augas de Galicia instalará novos medidores de control no río Landro, unha actuación considerada imprescindible para reforzar a vixilancia da calidade da auga e detectar con antelación posibles vertidos. A formación leva meses reclamando esta medida, especialmente despois da última situación de emerxencia no río, que puxo de manifesto a necesidade de dispoñer de ferramentas máis eficaces para reaccionar con rapidez ante calquera incidencia que poida comprometer o abastecemento ou o equilibrio ambiental. A voceira municipal do BNG, Iria Coteló, lembrou que o seu grupo insistiu en ampliar os mecanismos

de prevención, mentres que a alcaldesa, Mariña Gueimunde, rexeitara inicialmente a proposta, cuestionando mesmo a súa utilidade. Para o BNG, o feito de que agora a Consellería de Medio Ambiente e Augas de Galicia apoién esta iniciativa evidencia que o Partido Popular non estivo á altura na xestión municipal do problema. A formación nacionalista subliña que este episodio confirma un novo erro na forma de gobernar de Gueimunde fronte ás propostas rigorosas do BNG. Ademais, lembra que segue sendo necesario acometer melloras na potabilizadora de Landrove e na rede de abastecemento, unha demanda defendida no último pleno.



Indignación no CEIP de Covas polos recortes de profesorado

A Federación de ANPAs de Centros Públicos de Lugo (FAPACEL) denunciou con contundencia a situación do CEIP de Covas, sinalando que non se trata dun caso illado, senón dun reflexo dunha política continuada de recortes en profesorado de apoio, atención á diversidade e recursos necesarios para garantir unha educación digna. Lembran que máis do 20% do alumnado precisa intervención especializada, polo que consideran “totalmente inaceptable” a redución de horas de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL), así como a desatención das peticións das familias e do propio centro, denunciando un “abandono institucional evidente”. FAPACEL alerta de que a Consellería vulnera o dereito do alumnado a recibir a atención educativa necesaria, restando profesionais, atrasando coberturas, improvisando organizacións internas e obrigando ao profesorado a asumir cargas imposibles.

Esta situación afecta non só ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), senón ao funcionamento xeral do centro. A proposta da Xunta de sumar unhas poucas horas adicionais semanalmente é cualificada como “pequeno parche” e insuficiente, percibida como unha falta de respecto ás familias, ao profesorado e ao alumnado. A federación manifesta apoio total á ANPA do CEIP de Covas e ás mobilizacións iniciadas, reclamando medidas inmediatas que inclúan a restitución das horas recortadas de PT e AL, cobertura estable durante todo o curso e un plan serio para atender a diversidade real dos centros públicos da comarca. FAPACEL conclúe lembrando que a educación pública non debe depender da paciencia das familias nin da boa vontade do profesorado, responsabilidade que a Administración está a incumplir neste caso.

O PSOE acusa ao Goberno local de falta de proxectos reais e pouca transparencia



O Grupo Socialista fixo pública unha análise conxunta da actual situación do municipio en materia de investimentos, transparencia económica e execución de proxectos, poñendo o foco tanto nas relacións institucionais como na xestión do Goberno local. Os socialistas recoñecen como positiva a recente reunión da alcaldesa coa Deputación de Lugo para abordar asuntos culturais e deportivos, mais subliñan que estas xestións “só avanzan nunha dirección”, mentres segue sen existir unha reclamación firme á Xunta, administración competente en ámbitos fundamentais para Viveiro. Neste sentido, o PSOE lembra que as continuas visitas da rexedora a Santiago “quedaron en fotos e titulares”, sen que se materializasen proxectos reais. Poñen como exemplos a humanización do muelle, anunciada con 1,8 millóns e restrinxida finalmente a 165.000 euros nos orzamentos de 2026; a variante de Viveiro, presentada con 10 millóns e agora reducida a 4 millóns —partida que ademais debe repartirse coa VAC Costa Norte—; ou a ausencia dun compromiso claro co Conservatorio Profesional de Música. Tamén

lembran que a moción de censura incluía un compromiso autonómico de 6 millóns de euros “dos que nada se sabe”. A nivel económico, o grupo socialista rebateu as recentes declaracións da alcaldesa sobre as subvencións nominativas de 2025. Segundo explican, fronte aos “máis de 325.000 euros” anunciados, os orzamentos recollen 221.700 euros, o que supón unha baixada respecto ao ano anterior. Detallan recortes en entidades culturais e deportivas, como Bagoas da Terra, Proa ou o Club de Remo de Celeiro, así como a desaparición de axudas para distintas asociacións e disciplinas deportivas. En cambio, increméntanse partidas para o Seminario de Estudos Terra de Viveiro e o Viveiro C.F., ademais de incorporarse 20.000 euros correspondentes ás Festas do Naseiro de 2024. O PSOE acusa ao Goberno local de “manipular cifras” e reclama transparencia. Finalmente, a formación puxo en valor as obras de mellora na pista do Pombal, en Vieiro, cun investimento xestionado polo anterior executivo. Destacan que se trataba dunha actuación “moi necesaria” para garantir seguridade e mellorar servizos no rural.

Aberta a cuarta edición do Concurso de Composición de Marchas Procesionais

O Concello de Viveiro, a Xunta de Co-fradías e a Banda de Música “O Landro” lanzan a cuarta edición do Concurso de Composición de Marchas Procesionais “Blas García Liz 2026”, consolidado como un referente galego na creación musical vinculada á Semana Santa. O certame busca fomentar novas composicións que enriquezan o repertorio procesional con obras de calidade artística e sensibilidade, permitindo a participación de autores de todas as idades e nacionalidades. As obras deberán ser inéditas e non difundidas previamente. Para preservar o anonimato, as partituras enviaranse en PDF sen o nome do autor, acompañadas dun arquivo de audio en mp3 e do formulario de inscrición. As bases están dispoñibles mediante código QR no cartel oficial e na ligazón facilitada polas entidades convocantes, así como no perfil de Instagram do concurso. O prazo de presentación remata o 9 de xaneiro de 2026 ás 23:59 horas, e as propostas enviaranse exclusivamente por correo electrónico a composicionblasgarcializ@gmail.com. O xurado estará formado polos compositores Fernando Buide del Real e David Rivas Domínguez, xunto co director David Fiuza Souto, todos recoñecidos no ámbito da música contemporánea e de bandas. A obra gañadora estrearáse pola Banda de Música “O Landro” no programa cultural Adral 2026 e recibirá un premio de 2.000 euros, suxeito ás retencións fiscais. Desde a organización destacan que o concurso mantén viva unha tradición esencial para a identidade de Viveiro, á vez que impulsa a innovación artística e ofrece unha plataforma para que as creacións poidan ser interpretadas e compartidas coa comunidade.

PREMIOS VILAR PONTE 2025



O Concello entregou a sétima edición do Premio de Novela Vilar Ponte, consolidado na literatura galega. A gañadora foi A dous pasos do Edén, de Pura Salceda, destacada por retratar a vida dun paciente en diálise e as conexións humanas nas salas do hospital. Finalista foi Vera, de Ignacio Vidal Portabales, unha historia emocional sobre soidade e esperanza.



O PP aumenta a presión sobre o Concello pola Marosa e as colonias felinas

O Partido Popular de Burela vén de intensificar as súas críticas ao goberno bipartito que dirixe a alcaldesa López Moreno, ao que responsabiliza de atrasos, incumprimentos e falta de xestión en diversos ámbitos municipais. Os populares volven poñer o foco na reparación das gradas do campo de fútbol da Marosa, unha actuación que cualifican de competencia “unicamente municipal” e que, segundo lembran, continúa paralizada malia ter sido unha promesa electoral. Denuncian que o último intento de execución fracasou polo “excesivo tempo” que tardou o Concello en tramitar a licenza, provocando o encarecemento dos materiais e a renuncia da empresa adxudicataria, que mesmo perdeu o aval achegado. Engaden que o custo actual supera os 600.000 euros, cifra que, segundo apuntan, xa estaba prevista, e reclaman explicacións sobre por que a obra segue sen avanzar nun contexto no que o executivo asegura ter remanente.

Nun segundo bloque de demandas, o PP pedirá unha petición para que o Concello cumpra a Lei 7/2023 de protección dos dereitos e benestar dos animais. Reclaman identificar todas as colonias felinas do municipio, aplicar o método CER e habilitar un servizo de urxencias operativo as 24 horas para a recollida e atención



de animais abandonados. Critican que, na práctica, sexan asociacións e colectivos quen suplan estas funcións, malia ter pasado dous anos desde a aprobación da lei e rematado o prazo de adaptación. Ademais, o grupo popular solicita que o executivo municipal manifeste o seu rexeitamento á ocupación ilegal e á inocupación, e insta a pedir ao Goberno de España a revisión da Lei estatal de Vivenda. Defenden que é preciso aplicar as medidas previstas na Lei Orgánica 1/2025, incluíndo actuacións xudiciais máis rápidas e a creación de xulgados especializados. Lembran tamén que o PP impulsou iniciativas no Congreso para permitir desfaiuzamentos en 24 horas ou cortar subministracións en inmobles ocupados, propostas que, denuncian, permanecen bloqueadas polo apoio de PSOE, Sumar e BNG.

Burela avanza en sustentabilidade, seguridade e servizos sociais

O Concello celebrou recentemente dous Plenos de gran relevancia que abordan tanto o desenvolvemento urbanístico como a mellora dos servizos asistenciais da vila. No último Pleno ordinario, a corporación aprobou unha modificación do gasto plurianual vinculada á financiación da nova Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), cualificada polo goberno local como “peza esencial para garantir a sustentabilidade ambiental e permitir un crecemento urbanístico ordenado”. Ademais, tamén se aprobou unha actualización do Plan Xeral de Ordenación Municipal para adaptar o documento ás necesidades reais do municipio e mellorar a súa coherencia e operatividade.

Durante a sesión, a corporación aprobou por unanimidade a moción do BNG sobre o 25N, incorporando achegas do PP para reforzar a loita contra a violencia machista. Tamén se aprobou a emenda do Grupo Socialista á moción do PP sobre ocupación de vivendas, reiterando o rexeitamento a ocupacións ilegais e instando a activar protocolos rigorosos, axilizar procedementos e reforzar mecanismos de seguridade. O goberno local destacou que



o principal reto residencial segue a ser o acceso á vivenda, condicionado polos prezos elevados, a escaseza de alugueiros e a oferta insuficiente de vivenda protexida. O acordo insta tanto á Xunta como ao Goberno central a incluír a comarca da Mariña nos plans de vivenda, promovendo alugueiros accesibles e aumentando o parque público.

Paralelamente, nun Pleno extraordinario aprobouse o traspaso da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) ao Servizo Galego de Saúde (Sergas), que será efectivo o 1 de xaneiro. A medida garante a continuidade da atención no mesmo edificio e integra o per-

soal e os recursos da unidade na estrutura sanitaria pública galega. A alcaldesa, Carmela López, destacou que este traspaso responde a unha “reivindicación longa e compartida” e permitirá consolidar un servizo socio-sanitario estable e reforzado para Burela e a comarca, garantindo atención de calidade e recursos adecuados.

A rexedora tamén subliñou a importancia de futuras integracións, como a da Atención Temperá, para garantir “a mellor atención ás familias e aos menores”, resaltando a firmeza e o compromiso do municipalismo galego en materia de servizos, protección social e benestar veciñal.

A Escola de Música refórzase con novos instrumentos e equipamento

A Escola Municipal de Música de Burela continúa avanzando na mellora dos seus servizos grazas á recente incorporación de novo material instrumental e tecnolóxico. Esta adquisición foi posible a través dun convenio entre a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e o Concello de Burela, unha colaboración que reforza a aposta por modernizar a oferta educativa e facilitar novos recursos ao alumnado. O deputado de Mocidade, Daniel García, xunto ao tenente alcalde, Mario Pillado, e á concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Sandra Fernández Cillero, visitaron esta mañá o centro para coñecer o equipamento xa dispoñible. Entre os novos recursos destacan tres violonchelos e un equipo informático de última xeración, acompañado dunha mesa de mesturas e varios micrófonos orientados á produción musical, unha liña formativa que o centro está a potenciar para responder ás novas necesidades do sector.

Mario Pillado salientou que esta co-



laboración permitiu realizar un investimento que mellora os medios para a docencia e facilita organizar actividades complementarias, subliñando a vontade do Goberno local de converter a Escola nun referente musical, cultural e social. Pola súa banda, Daniel García expresou o apoio da Deputación ao labor municipal e destacou que Burela mantén unha axenda centrada na mocidade, valorada pola institución provin-

cial por atender ás expectativas das novas xeracións. O investimento total ascendeu a 9.000 euros e forma parte da estratexia do Concello para dinamizar a actividade tanto na Escola Municipal de Música como na Casa da Xuventude. O plan inclúe tamén actuacións de mellora no exterior do edificio, co obxectivo de consolidar estes espazos como lugares de encontro fundamentais para a vida cultural e xuvenil de Burela.

la Tienda
la de casa, la de toda la vida...

Mondoñedo: Avda. Buenos Aires, 7 - 982 521 077
Ferreira de Valadouro: Cayado, 8 - 982 574 460
Abadín: Avenida de Galicia, 10 - 982 508 111
Muras: Pza. da Galeguidades, 11 - 982 500 027
Muimenta: Avda. de Villalba, 38 - 982 504 080
O Corgo: San Cristobal de Chamoso, 29 - 982 302 198
Baralla: Evaristo Calderón, 85 - 982 363 049

O castiñeiro de Cinoche volve a Burela como banco-escultura

O Concello de Burela anunciou a chegada ao municipio do histórico castiñeiro de Cinoche, que fora derrubado pola borrasca Karlotta e posteriormente queimado de forma intencionada no ano 2024. O emblemático castiñeiro foi transformado nun banco-escultura polo escultor Carlos García, ocupando o lugar onde se erguía a árbore centenaria, cumprindo así o obxectivo da encomenda inicial: crear un espazo para sentarse e recuperar a presenza do castiñeiro na memoria colectiva da vila.

O proxecto, realizado polo mesmo artista, inclúe ademais unha sorpresa artística: a figura 'Madre Natureza', de cinco metros de altura, que complementa a obra orixinal e aporta unha nova dimensión estética ao conxunto. A peza orixinal, danada polo incendio, requiriu unha intervención



complexa e detallada, que permitiu reinterpretar este símbolo da paisaxe e da historia de Burela, devolvendo á comunidade un punto de encontro e admiración. Segundo explicou o Concello, a

iniciativa pretende non só conservar a memoria do castiñeiro senón tamén fomentar a creación artística e o uso público do espazo, integrando a arte na vida cotiá dos veciños e visitantes.

A vila celebrará o seu terceiro Día do Orgullo Mariñeiro o vindeiro 11

O municipio de Burela e o conxunto da Mariña Lucense preparan xa a terceira edición do Día do Orgullo Mariñeiro, unha iniciativa impulsada pola Fundación Expomar que terá lugar o xoves 11 de decembro. A proposta busca reivindicar, un ano máis, a identidade mariñeira da comarca a través de accións divulgativas, culturais e gastronómicas dirixidas á cidadanía de todas as idades.

A xornada arrancará, un ano máis, nos comedores de varios centros educativos e servizos sociais da comarca. Alí serviránse máis de mil racións de pota procedente da lonxa

de Burela, integradas nos menús escolares para achegar ao alumnado a gastronomía mariñeira local.

Pola tarde, a Casa da Cultura de Burela acollerá un coloquio sobre o papel das mulleres nos oficios mariños, baixo o título A muller e o mar. Participarán profesionais de distintos eidos: armadoras, estibadoras, redeiras e representantes da Administración, que compartirán experiencias e visións sobre a súa traxectoria.

A parte cultural completaráse cunha variada programación musical na Casa da Cultura. Actuarán o grupo

infantil Cantíños Osa do Mar, integrado na SCR Alegría; Arumiños ACM Arume; e a banda Blood Skeleton, que achegarán ritmos tradicionais e actuais a esta celebración identitaria. Como colofón, a carpa da Praza da Mariña converterase, a partir das 20:00 horas, no epicentro dunha gran degustación gratuíta de receitas preparadas con diferentes especies da lonxa local.

A entrada seguirá sendo de balde, mais será preciso dispor dun ticket que se repartirá gratuitamente durante o acto previo na Casa da Cultura.

O alumnado de Vista Alegre achegouse ao mundo agrogandeiro



Medio cento de nenas e nenos de infantil e primaria do colexio Vista Alegre de Burela pasaron unha mañá diferente na Gandería Cid, en Vilamartín Pequeno (Barreiros), onde tiveron a oportunidade de mergullarse no día a día dunha explotación leiteira grazas ao programa Da Escola á Granxa da Deputación de Lugo.

A actividade, organizada pola ANPA do centro, converteuse nun percorrido práctico e cheo de descubrimentos. Da man de Bonet Cid, os pequenos iniciaron a súa visita coñecendo como se alimentan as vacas e por que a súa dieta é fundamental para obter un bo leite. Moi atentos, observaron as rutinas da sala de muxido e interesáronse polos diferentes coidados que require o gando nunha granxa familiar que mantén viva a tradición do rural. Un dos momentos máis especiais chegou cando se achegaron ao recinto das becerras. Alí puideron ver de preto ás máis pequenas da casa e comprender como se lles dá calor, alimento e vixilancia constante nos primeiros días de vida. A curiosidade dos nenos e nenas multiplicouse can-

do tiveron a ocasión de probar algunhas tarefas sinxelas no establo, experimentando por un intre a responsabilidade que implica o coidado diario dos animais.

Entre comentarios e preguntas, a xornada avivou a ilusión infantil polo mundo do campo. "É marabilloso ver como se involucran, como preguntan e como descubren que detrás dun vaso de leite hai moito traballo", comentaba Bonet Cid mentres guiaba ao grupo por cada espazo da explotación.

A experiencia forma parte da cuarta edición de Da Escola á Granxa, que busca achegar o rural real ás novas xeracións mediante visitas a explotacións familiares da provincia. A iniciativa dálle protagonismo ás granxas como lugares de aprendizaxe, e ás nenas e nenos, como protagonistas dunha mirada nova e curiosa sobre o territorio. Ao remate do ano, máis de 7.000 escolares terán participado en algunha das 200 actividades previstas, un número que reflicte o éxito dun programa que aposta polo contacto directo coa natureza e co traballo agrogandeiro.

XXV XORNADAS MINDONIENSES DE ARQUEOLOXÍA



"Villaamil y Castro"



12, 13 e 14 de decembro de 2025



SALA DE CONFERENCIAS DO
PAZO SANTOMÉ
(Rúa Julia Pardo Montenegro)

Mondoñedo

Organiza



Excmo. Concello de Mondoñedo

Colaboran



Información e matrícula.
Excmo. Concello de Mondoñedo
Tlf: 982 52 40 03 / 982 50 71 77
Fax: 982 50 74 21

E-mail: xornadas.arqueologia@gmail.com
MATRÍCULA GRATUITA

O Goberno local impulsará unha nova ordenanza para o estacionamento de caravanas



O Goberno local está a ultimar unha ordenanza destinada a regular o estacionamento das caravanas no municipio. O alcalde explicou que o Goberno local leva meses traballando nun documento base que pretende presentar ao propio sector para consensuar unha norma “que permita convivir con normalidade, que ordene e que contribúa a un turismo máis responsable e de calidade”. Segundo detallou o rexedor, o obxectivo é marcar claramente que prácticas son aceptables e cales non. Vega advertiu de que actualmente existen situacións que non se poden seguir permitindo: “Non podemos consentir que se aparque en espazos naturais ou miradoiros, e tampouco que se ocupen aparcadoiros convencio-

nais con caravanas que xa fixan alí unha vivenda. Hai límites que debemos establecer para protexer o territorio e ofrecer unha experiencia turística coherente co modelo que defendemos”. O alcalde insistiu en que a futura ordenanza buscará establecer regras claras e compartidas: “Unha ordenanza regula e dá seguridade. E se está pactada co propio sector, será unha ferramenta útil para todos”, sinalou. Para Vega, trátase dun paso necesario que moitos concellos levan anos dado e que Ribadeo aínda tiña pendente: “Esta normativa debía existir hai tempo. Nós, nestes dous anos, estamos revisando e actualizando moitas regulacións, e esta é fundamental se queremos avanzar no turismo de calidade”.

Comezan os trámites para unir oficialmente Ribadeo e Tala

Ribadeo deu un paso decisivo para fortalecer os lazos históricos e culturais con Tala, a cidade uruguia na que pasou boa parte da súa vida e faleceu o poeta ribadense José Alonso y Trelles, coñecido como El Viejo Pancho. O Concello recibiu a visita do cónsul de Uruguai en Galicia, Ramiro Rodríguez, no que supón o inicio dos traballos formais para establecer un irmandamento entre ambos municipios. O alcalde, Dani Vega, explicou que esta primeira toma de contacto institucional chega despois de manter comunicación directa co rexedor de Tala. “Comezamos un proceso rigoroso, ordenado e cun obxectivo claro: recoñecer e fortalecer o vínculo que une a ambos pobos a través da figura do Viejo Pancho”, sinalou. Vega agradeceu o apoio unánime das distintas formacións políticas con representación municipal e lembrou o papel do cónsul uruguio, “que xa acompañara os actos de homenaxe ao poeta e que

agora avala este novo paso, no que se pon selo a todo un legado cultural compartido. El Viejo Pancho nace en Ribadeo e vive e morre en Tala, pero o seu legado pertence a ambas comunidades”, afirmou. O rexedor anunciou tamén que o proceso será coordinado polo Concello e pola comisión creada para tal fin, á que se incorporarán colectivos, expertos e persoas interesadas en contribuír. “Queremos escoitar todas as voces. É moi significativo que o Cónsul sexa quen marque a data de inicio desta etapa. Traballaremos para organizar un evento específico centrado na figura do Viejo Pancho e na súa herdanza literaria”, adiantou. Vega concluíu reiterando a súa gratitude pola colaboración institucional: “Este irmandamento é prioritario e un paso coherente con todo o que se fixo nos últimos anos para reivindicar a memoria do poeta. Agora ese esforzo transformase nun vínculo oficial entre Tala e Ribadeo, e entre Ribadeo e Tala”.

O Concello avanza na renovación viaria con máis de 150.000 euros

O Concello de Ribadeo continúa avanzando no seu plan de renovación da rede viaria municipal cun novo paquete de actuacións nas parroquias, que suma máis de 150.000 euros en investimentos. Segundo explicou o alcalde, Dani Vega, trátase dunha “aposta decidida por mellorar as vías de comunicación do rural”, unha demanda reiterada pola veciñanza e polos profesionais que empregan estas estradas a diario. Por unha banda, o goberno local vén de activar un investimento próximo aos 100.000 euros para modernizar varios treitos das parroquias de Piñeira e Vilaselán. En Piñeira actuarase nas zonas de Vilar e Dompniñor, mentres que en Vilaselán os traballos se centrarán na contorna de Penafurada, diante da residencia. O rexedor lembrou que se trata de vías “duramente deterioradas, con fochancas intransitables durante anos”, polo que o Concello elaborou unha planificación específica para dar resposta a estas necesidades. Vega recoñeceu que “non imos tan rápido como nos gustaría”, debido aos trámites e licitacións previas,



pero insistiu en que existe “unha planificación de investimento que está a chegar, pouco a pouco, a todas as parroquias”. Por outra banda, o Concello acometeu a reparación integral da estrada de Remourelle, unha vía esencial para varias explotacións gandeiras e que presentaba un deterioro moi avanzado. Esta intervención contou cun investimento de máis de 50.000 euros achegados pola Xunta de Galicia. O alcalde enmarcou esta actuación nun plan global de renova-

ción continua das infraestruturas municipais, que suma 1,4 millóns de euros en diferentes fases. “Pouco a pouco imos actuando en zonas que levaban décadas sen melloras. Seguimos nunha xestión permanente de orzamento para que Ribadeo avance”, afirmou. O obxectivo destas actuacións, subliñou Vega, é garantir unha rede viaria máis segura, funcional e acorde ás necesidades das parroquias, reforzando a cohesión territorial en todo o municipio.

O Ceip Gregorio Sanz avanza cara un peche seguro e sostible

As obras para renovar o peche perimetral do colexio Gregorio Sanz xa están en marcha en Ribadeo, cun investimento de 326.000 euros por parte do Goberno autonómico. O alcalde, Dani Vega, destacou que se trata dun proxecto “singular e innovador”, único no conxunto da comunidade autónoma, e que permitirá solucionar un problema que se arrastraba desde hai anos. O rexedor explicou que o valado actual se atopaba “totalmente deteriorado, con partes que se viñan abaixo” e que era imprescindible actuar con urxencia. Subliñou que esta intervención responde ao traballo conxunto da dirección do centro, da actual ANPA e tamén das anteriores directivas: “Grazas a ese esforzo organizado, as melloras no Gregorio Sanz foron continuas”, engadiu. Vega lembrou que, ademais da importante remodelación realizada no edificio principal, este novo peche súmase ás diversas actuacións previstas a curto prazo. Considera



que esta obra era “prioritaria para garantir a seguridade” e evitar riscos derivados do derrube do muro en distintos puntos, onde xa fora necesario instalar medidas provisionais. Un dos aspectos máis destacados do proxecto é o material empregado: cilindros de plástico reciclado que dan lugar a un valado “sostible, respectuoso co medio ambiente e que ofrece unha segunda vida a residuos plásticos”. O alcalde definiu esta solución como “un proxecto

piloto que comeza en Ribadeo e que a Consellería podería estender a outros colexios galegos”. “O noso concello aposta pola innovación”, insistiu Vega, quen valorou positivamente que a Xunta aceptase a proposta formulada desde Ribadeo. “Son 326.000 euros destinados a un peche perimetral moderno e ecolóxico. Seguimos investindo no colexio e, en definitiva, no futuro de Ribadeo para seguir avanzando”, concluíu.

O BNG carga contra os atrasos e pide recuperar o plan de vivenda

O BNG de Ribadeo volve situar no centro do debate a situación económica do Concello tras analizar o último informe trimestral da Intervención municipal, no que se reflicte un incremento notable do período medio de pago a provedores. Segundo explicou o voceiro nacionalista, Pablo Vizoso, o prazo disparouse nos dous anos de goberno do PP, pasando dos 13 días rexistrados no segundo trimestre de 2023 aos 77 días do terceiro trimestre de 2025. O portavoz sinalou que esta tendencia á alza se repite en todos os informes emitidos desde a chegada do PP á alcaldía e repercute, dixo, sobre o tecido empresarial, autónomos e profesionais “que teñen que agardar cada vez máis por cobrar”.

Vizoso lembrou que no primeiro trimestre deste ano o prazo xa se situaba nos 44 días, polo que a de-



mora continuou medrando. Para o BNG, esta evolución evidencia “o gasto descontrolado dun desgoberno instalado na improvisación”, unha dinámica que, afirman, xera tensión económica entre empresas e particulares que dependen dos pagos municipais. O grupo insta o executivo popular a asumir a gravidade desta situación e a rectificar:

“Poden buscar escusas, pero os números están aí”.

Xunto á preocupación polo atraso nos pagos, o BNG reclamou tamén que se reactive o proxecto de construción de vivendas de alugueiro para mocidade na zona de Cabanela, unha iniciativa impulsada polo anterior goberno nacionalista a comezos de 2023 e que, segundo denuncian, leva dous anos sen avances. O concelleiro Martín Graña anunciou que o grupo presentará unha moción no próximo pleno para instar o executivo a retomar os trámites, lembrando que o Concello xa adquirira parcelas e inmo- bles para habilitar apartamentos. Graña subliñou que o acceso á vivenda é “un problema moi serio” tamén en Ribadeo e que este plan municipal podería ser “un punto de partida necesario” para ofrecer alternativas ás novas xeracións.

Ribadeo continúa a mellora dos aparcadoiros municipais



O Concello de Ribadeo continúa mellorando os aparcadoiros da vila grazas á colaboración coa Xunta de Galicia. Tras actuar en Daniel Cortezón e Ramón González, os traballos trasladáronse á avenida Rosalía de Castro, aplicando unha mestura de restos de aglomerado con grixo para compactar o terreo e evitar lameiros e po. O alcalde, Dani Vega, sinalou que, aínda que os espazos non son de titularidade municipal, é necesario intervir

para melloralos, especialmente en zonas de alta intensidade de vehículos que afectan a comercios e hostalería.

O goberno local tamén planifica a creación de aparcadoiros propios, con firme de aglomerado máis duradeiro. Vega destacou que estas actuacións melloran a calidade do servizo para veciños e visitantes e subliñou a importancia da colaboración institucional para levar a cabo estas obras.

Intensifican a limpeza da contorna de Guimarán e da zona portuaria

O Concello acomete nestes días unha ampla intervención de limpeza no entorno da fonte de Guimarán e noutros puntos da zona portuaria, co obxectivo de mellorar a seguridade e adecentar uns espazos que, segundo o goberno local, levaban anos en situación de abandono. A actuación céntrase na retirada da maleza acumulada, que estaba a provocar desprendementos continuos cara á rúa Calvo Sotelo.

O alcalde, Dani Vega, explicou que o treito comprendido entre a fonte de Guimarán e a capela

de San Miguel presentaba “un abandono total”, polo que se optou por unha limpeza integral utilizando maquinaria específica. Entre ela, destaca unha pluma de 17 metros de alcance que permite acceder a toda a ladeira que limita coa citada rúa. “Nestes días lograse unha limpeza absoluta de todo o lateral”, sinalou o rexedor.

Os traballos continuarán nos vindeiros días noutros puntos da zona portuaria, incluíndo o contorno do ascensor e áreas próximas a Cabanela, onde tamén é necesaria maquinaria de altura para acceder con seguridade. “Queremos limpar e, sobre todo, conservar estes espazos para evitar que volvan caer no abandono”, indicou Vega.

O alcalde salientou igualmente que estas tarefas se realizan en colaboración coa Xunta de Galicia. “É fundamental conservar uns espazos altamente visitados e turísticos, tanto pola súa importancia ambiental como pola imaxe que proxectan do noso municipio”, concluíu.

A Biblioteca Municipal El Viejo Pancho gaña o XXV Premio María Moliner 2025

A Biblioteca Municipal El Viejo Pancho de Ribadeo foi distinguida co XXV Premio María Moliner 2025, un dos recoñecementos máis importantes do Ministerio de Cultura e da FEMP para proxectos de animación á lectura en concellos de menos de 50.000 habitantes. O galardón destaca o programa “Punto de encontro: a Biblioteca II”, que consolida este espazo como referente cultural e social, promovendo a lectura, a diversidade lingüística e a participación cidadá.

A concelleira de Cultura, Begoña

Sanjurjo, salientou que o premio representa un recoñecemento ao traballo do equipo da biblioteca, das entidades colaboradoras e da veciñanza, subliñando que El Viejo Pancho é hoxe “un lugar vivo e inclusivo”, que facilita o acceso á cultura para todas as idades. Engadiu que este apoio anima a avanzar nun proxecto que aposta pola igualdade, a inclusión, a cultura científica e a sostibilidade.

O Concello felicita ás persoas implicadas e reafirma o seu compromiso coa continuidade desta iniciativa.

¿Te interesa el mundo del cuidado personal y el bienestar?

nahrin
Productos naturales de calidad suiza desde 1954

¿TE GUSTARÍA DISTRIBUIR NUESTROS PRODUCTOS NATURALES PARA LA SALUD?

TE OFRECEMOS

- Flexibilidad laboral y emprendimiento desde casa.
- Formación continuada.
- Programa de incentivos y comisiones atractivas.

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

ACADEMIA
A Mariña

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

A DEPUTACIÓN DE LUGO COA CULTURA



A Vicepresidencia apoia o dinamismo do tecido asociativo da comarca de A Mariña

Máis de 100 asociacións da comarca recibirán subvencións para actividade cultural e investimentos nos locais

O pasado mes de novembro publicáronse as resolucións das convocatorias de axudas para a asociacións culturais que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo convoca anualmente para contribuír á dinamización do tecido asociativo de base. Máis de 115 subvencións chegarán a colectivos culturais, veciñais ou educativos da comarca da Mariña, cun importe conxunto de preto de 100.000 euros.

Trátase, na maioría dos casos, de colectivos de ámbito local sostidos pola participación e a implicación da veciñanza, que configuran unha rede de creación e programación cultural fundamental na dinamización das parroquias e dos concellos.

Certames literarios e artísticos, obradoiros musicais ou de xogos tradicionais, actividades culturais en celebracións populares como magostos e xuntanzas interxeneracionais, a edición de libros ou a organización de viaxes de interese cultural son algunhas das actividades subvencionadas pola área provincial a través desta convocatoria, dirixida a asociacións de toda a provincia que teñen a actividade cultural entre as súas finalidades.

O deputado mariño Daniel García, responsable da área de Rural, Mar e Mocidade na Vicepresidencia e concelleiro de Participación e Dinamización en Barreiros, destaca o apoio ao tecido asociativo como unha das apostas transversais das distintas áreas da Vicepresidencia da Deputación. “A fortaleza do tecido asociativo de base é fundamental para articular a vida en comunidade e a participación cultural e social, especialmente nas parroquias e nos concellos rurais, por iso apostamos por liñas de apoio estables, continuadas e abertas á iniciativa dos colectivos, que, como se pode ver cada ano nas resolu-

cións, se implican en actividades culturais moi diversas”.

O pagamento das subvencións realízase a medida que as entidades presentan a xustificación dos gastos realizados, nos formularios dispoñibles en cultura.deputacionlugo.gal. O prazo para achegar a documentación requirida estará aberto ata o 31 de marzo.

Unha rede de dinamización cultural en toda a comarca

As actividades desenvolvidas na comarca da Mariña coas axudas da área de Cultura abarcan diferentes eidos, tanto desde o punto de vista da creación como da programación:

COLECTIVOS MUSICAIS

A través das subvencións de concorrencia competitiva, a área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación colabora no financiamento de cursos, obradoiros e iniciativas de formación desenvolvidas por colectivos musicais de distintos puntos da comarca como a Asociación de Usuarios da Escola de Música de Burela, a Coral Polifónica de Burela, a agrupación de música tradicional A Subela de Foz, a Coral Polifónica de Foz, a Banda de Música de Foz, o Coro Os Castros de Cangas de Foz, a asociación Airiños do Xunco de Cervo ou a Asociación Cultural Bruar de Ribadeo. Outras asociacións musicais solicitan achegas para cubrir gastos correntes da súa actividade como a Coral Polifónica Alborada de Viveiro, que financiará coa axuda a elaboración de vestimenta para as actuacións, ou o Coro de Riororto, que inviste na formación musical dos membros do coro. Outras entidades como a Asociación de Nais e Pais de Alumnos da Escola Municipal de Música de



Arriba Daniel García con integrantes da Rebolaxe, organizadora da Foliada Nordestia; coa organización do Breason de Mondoñedo; e abaixo, con organizadores do Vendaval Fest de Ribadeo

Mondoñedo apostan en iniciativas de impulso de vocacións musicais con propostas como o Certame Mamá Quero Cantar.

Apoio ás anpas e asociacións do ámbito socioeducativo

As subvencións de concorrencia competitiva tamén chegan a un amplo abano de asociacións de

nais e pais que financian coas axudas unha parte da actividade cultural e lúdica que desenvolven ao longo do ano. A celebración en comunidade de festexos populares, a organización de programacións infantís, a asistencia a actividades culturais ou a edición de revistas e calendarios son algunhas das propostas ás que se

vinculan as solicitudes de axudas destes colectivos, entre os que figuran a ANPA do CEIP Castro de Ouro de Alfoz, a ANPA do CEIP de San Miguel de Reinante, en Barreiros, a ANPA do CEIP Vista Alegre de Burela, a ANPA do IES Perdouro de Burela, a ANPA do CEIP de Cervo, a ANPA do CEIP Fondo Nois, a ANPA de Riororto

to, a ANPA da Escola Infantil do Valadouro ou a ANPA do IES Illa de Sarón de Xove. As actividades lúdicas e culturais cunha orientación específica cara a inclusión tamén se apoian a través destas convocatorias de axudas, que recibirán entidades como a Asociación Guillem Veiga Iglesias de Barreiros , a Asociación de Pais de Nenos con Discapacidade de Mariña Lucense ou a Fundación Eu Son.

Publicacións e divulgación do patrimonio
As subvencións da área de Cultura tamén facilitan contribúen ao desenvolvemento de diferentes propostas coas que as asociacións culturais colaboran no estudo, conservación e difusión do patrimonio material e inmaterial no seu entorno. Recibiron financiamento iniciativas como a Asociación Cultural Pedregas de Mondoñedo, que conserva dos campaneiros, as xornadas de sostibilidade, urbanismo histórico e técnicas tradicionais da Asociación Batitales de Mondoñedo, as Xornadas de Promoción Histórica Mondoñedo no Camiño de Santiago ou as Xornadas do Peregrino Abrindo Camiño, ambas tamén en Mondoñedo, as xornadas culturais organizadas pola Asociación Vacas Fracas no Pazo de Cedofeita, a revisa cultural da Asociación de Veciños do Casco Antigo de Viveiro, a edición do material de difusión do patrimonio da Asociación de Veciñas e Veciños de Órrea en Riotorto.

Festivais, mostras folclóricas e xornadas ou actuacións musicais
O financiamento de Cultura contribúe á celebración de festivais, mostras folclóricas e actuacións musicais en celebracións populares de diferentes parroquias. Mais dunha vintena de asociacións teñen asignados fondos para estes eventos, entre os que se contan algúns que ocupan un lugar destacado nas axendas culturais dos seus concellos como a Feira do Trece de Alfoz, a Foliada Nordestiá de San Cibrao, en Cervo ou Festival do Emigrante de Vilaronte, en Foz, así como celebracións do San Xoan ou do magosto en diferentes parroquias. As subvencións chegan tamén a asociacións xuvenís articuladas arredor dos festivais e da música como Xoldra de Mondoñedo ou A Mariña Battles de Ribadeo.

Equipamento e melloras nos locais
Ademais da organización de actividades culturais, a área de Cultura concede subvencións para a compra de equipamento

Daniel García: “o tecido asociativo de base é fundamental para artellar a vida en comunidade e a participación cultural e social”

ou investimentos nos locais, ben propiedade dos colectivos ben cedidos. As actuacións financiadas neste ámbito suman máis de 44.000 euros, que as asociacións destinan á compra de equipamento informático e audiovisual, instrumentos musicais, mesas de mesturas, equipos de son e lumi-



De arriba a baixo: actuación da Subela de Foz, unha das formacions de música tradicional beneficiarias das axudas, Diversiprix da Asociación Guillem Veiga Iglesias de Barreiros e unha actuación do Coro de Riotorto

nación, estantes, mesas, cadeiras e outros elementos de mobiliario ou radiadores, así como traballos de pintado ou outras intervencións de mellora dos locais.

Un piar da acción da área de Cultura

Esta convocatoria anual – que en 2025 contou cun investi-

mento conxunto de 500.000 euros – é un dos eixos da colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo co tecido cultural de base. As axudas, en réxime de concorrència competitiva, teñen como obxectivo promover a organización de eventos e actividades culturais en todo o territorio da provincia, fomentar a participación e a implicación da veciñanza nas

actividades e na conservación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial. En suma, concedéronse máis de 500 axudas para a organización de actividades e para equipamentos, distribuídas por toda a provincia. Na resolución das convocatorias, aplícanse criterios relacionados co interese da actividade desde o punto de vista cultural, patrimonial

Daniel García: “apostamos por liñas de apoio estables, continuadas e abertas á iniciativa dos colectivos culturais e veciñais”

e etnográfico ou a súa consolidación no tempo, e prímase as entidades de concello de ata 2.000 habitantes. A deputada de Cultura Iria Castro explica que “a resposta á convocatoria, que medra cada ano en solicitudes, reflicte o crecente dinamismo das asociacións, unha rede fundamental para facilitar o acceso á actividade cultural e crear espazos de socialización e convivencia arredor da cultura e do patrimonio, especialmente nas parroquias e concellos máis pequenos. A responsable provincial sinala que “Sen esa rede de base non sería posible articular programacións culturais máis aló das vilas, que é unha das prioridades da área de Cultura porque entendemos a creación e a participación cultural é un dereito para todas as persoas, vivan no lugar no que vivan”. Ademais das axudas directas, a área de Cultura ofrece ao tecido asociativo a posibilidade de participar nas programacións que se poñen en marcha ao longo do ano como o programa de promoción da música tradicional Tradigalu, o Móvete, que inclúe actuacións musicais de rúa, espectáculos de narración oral e maxia ou proxeccións audiovisuais e os circuitos de teatro profesional e afeccionado, cos que se financia total ou maioritariamente centos de actividades culturais en toda a provincia.

O Concello impulsa rebaixas fiscais para vivenda habitual e proxectos industriais

O Concello de Cervo levou ao último pleno unha proposta de modificación da ordenanza do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) co obxectivo de facilitar o acceso á vivenda e potenciar a actividade económica no municipio. A principal novidade é a creación dunha bonificación do 50 % para obras de nova construción destinadas a vivenda habitual, tanto se son promovidas por particulares que vaian residir nelas como por empresas inmobiliarias que as incorporen ao mercado. O executivo local considera que esta medida permitirá “aliviar custos e reducir barreiras” para aquelas familias que queren asentarse en Cervo. Ao mesmo tempo, a modificación incorpora outra bonificación do 50 % para actuacións no Polígono Industrial de Cuiña relacionadas coa implantación, ampliación ou modernización de actividades industriais ou económicas. Esta redución fiscal aplica-

rase a proxectos capaces de xerar emprego ou dinamizar o tecido produtivo, unha prioridade que o goberno municipal sitúa como estratéxica para o futuro do territorio. A alcaldesa, Dolores García Caramés, explicou que o enfoque da proposta é “estar ao lado das persoas que desexan construír o seu futuro en Cervo e de quen aposta por emprender e crear oportunidades no polígono”. Lembrou tamén que o Concello mantén o seu compromiso co desenvolvemento desta área industrial, sinalando como pendente a reactivación, por parte da Deputación de Lugo, do enlace directo coa N-642, unha infraestrutura considerada clave e paralizada desde 2007. As bonificacións terán unha vixencia inicial de dous anos e intégranse nas políticas municipais dirixidas a impulsar o acceso á vivenda, reforzar o tecido económico e avanzar cara a un municipio máis dinámico e sostible.

Aprobado un orzamento centrado nas persoas e sen endeudamento

O Concello de Cervo comezará o ano 2026 cun novo orzamento de 8.285.600 euros, aprobado recentemente en pleno e definido polo Goberno local como un documento centrado nas persoas, equilibrado e sen recorrer ao endeudamento nin aumentar a presión fiscal. A alcaldesa, Dolores García Caramés, destacou que estas contas son “realistas, prudentes e absolutamente necesarias para garantir o bo funcionamento do Concello” e recordou que Cervo mantén “débeda cero desde hai máis de tres anos”. Entre as medidas inclúense rebaixas fiscais, como a redución do ICIO, co fin de facilitar a construción de vivenda e a implantación de novos proxectos empresariais no polígono industrial. Outro dos eixos principais do orzamento é o apoio ao tecido asociativo cultural, social e deportivo, considerado pola rexedora como “motor de vida, de participación e de actividade” no municipio. As contas tamén priorizan a mellora dos servizos públicos e a atención directa ás persoas, con programas para familias, mocidade e persoas



maiores, así como actuacións que reforcen a cohesión social. No capítulo de investimentos destacan a renovación dos parques Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane, na capitalidade, e do parque infantil da Praza dos Campos, en San Cibrao, mellorando accesibilidade, seguridade e zonas de encontro. Outra actuación clave será a execución da nova estrada das Quintas, que conectará O Paraño coa Rúa do Vilar, servindo como variante para desviar tráfico pesado do núcleo urbano e facilitar a mobilidade. O orzamento tamén prevé avanzar na semipeonalización do centro urbano e na mellora integral da

Avenida da Mariña, en San Ciprián, proxectos xa redactados. Caramés subliñou que todas estas actuacións teñen como obxectivo “transformar a mobilidade de Cervo, facer un municipio máis seguro e facilitar o día a día das persoas”. A rexedora destacou que a xestión continuará sendo dinámica, transparente e orientada ao benestar dos veciños, mantendo un modelo de municipio moderno, sostible e accesible. En definitiva, o orzamento 2026 consolida unha folla de ruta centrada en servizos, investimentos estratéxicos e cooperación coa cidadanía, mantendo Cervo nun camiño de progreso sostible e inclusivo.

Arruguiñas inspira a edición 2026 do Calendario de Nadal



O Concello de Cervo presentou a súa tradición anual, o Calendario de Nadal, que nesta edición ten como protagonistas ás persoas usuarias do programa municipal de envellecemento activo Arruguiñas. Con máis de 2.000 exemplares que se repartirán por todos os fogares do municipio, o calendario destaca por amosar mes a mes as múltiples actividades nas que participan os maiores, reflectindo o seu entusiasmo, vitalidade e compromiso. A alcaldesa, Dolores García Caramés, acompañada por concelleiros e usuarios de Arruguiñas, subliñou que o calendario “é un orgullo enorme para o Concello” e un xeito de recoñecer a forza e creatividade das persoas maiores, lembrando que o

programa busca ofrecer espazos de participación, aprendizaxe e convivencia. A publicación inclúe unha carta na que se valora cada persoa maior como “un tesouro de sabedoría, experiencia e humanidade”. Arruguiñas ofrece talleres de memoria, obradoiros creativos, exercicio físico, actividades de lingua de signos, encontros sociais e charlas, e este ano incorporou un taller de inglés práctico, moi ben recibido. Desde o Concello destacan que o calendario é un símbolo do Nadal cervense e un recordo da comunidade activa, unida e centrada nas persoas. Caramés aproveitou para desexar unhas festas cheas de paz, saúde e alegría e un 2026 próspero para todos.

O Callo Fest de San Cibrao celebra a súa sétima edición cun potente cartel musical

O Concello de Cervo presentou, xunto coa Asociación Amigos da Troula, o cartel da sétima edición do Callo Fest, que se celebrará o 26 de decembro na Praza dos Campos de San Cibrao. O evento, xa convertido nunha das citas máis festivas do municipio, propón unha noite pensada para o desfrute colectivo, con música en directo, convivencia e un ambiente de celebración previo ao cambio de ano. A organización destaca que se trata dunha festa aberta a todos os públicos, cun programa variado no que participan bandas galegas e mariñás de recoñecido nivel. O cartel inclúe catro actuacións. Entre elas destaca Aphonnic, banda viguesa de metal alternativo cunha longa traxectoria e premios como o Martín Códax da Música Galega. En San Cibrao ofrecerán un directo cargado da mesma intensidade coa que triunfaron no Resurrection Fest 2025. Tamén actuará Black Back Band, considerada o mellor tributo galego a

AC/DC, cun espectáculo pensado para amantes do rock clásico. A representación mariñá chegará da man de Not Yet, grupo emerxente de post-hardcore que presentará o seu primeiro álbum trala súa participación en festivais como o Resurrection ou o Tsunami Xixón. A posta musical completárase con Until Dawn, proxecto recente que mestura metal e rock progresivo. A xornada pecharase coa Disco Móbil Conxuro, que amenizará a recta final da noite cunha sesión para bailar e celebrar. Ademais da música, o Callo Fest mantén elementos que o fixeron popular: o reparto gratuito de racións de callos e unhas particulares badaladas de pre-fin de ano, que converten a praza nun espazo de encontro e bo humor. A alcaldesa, Dolores García Caramés, destacou que o festival se consolidou como unha referencia cultural que dinamiza o municipio e invita veciños e visitantes a compartir unha noite especial.

A antiga Escola Unitaria de Rúa renace como espazo cultural e social

O Goberno local iniciou a rehabilitación da antiga Escola Unitaria de Rúa, un edificio de 226 m² que se transformará nun espazo cultural de uso veciñal. A intervención, parcialmente financiada pola Xunta de Galicia cun investimento de arredor de 50.000 euros, recupera un inmore de alto valor simbólico para a parroquia. As obras inclúen melloras na envolvente mediante trasdosados con illamento de la mineral, renovación de revestimentos interiores, pintura de maior durabilidade, instalación de ventilación con recuperador de calor e iluminación LED, tamén en puntos de emerxencia, incrementando eficiencia enerxética, confort e seguridade. A alcaldesa de Cervo destacou que o proxecto recupera un edificio histórico e crea un espazo de encontro para a veciñanza, reforzando a vida cultural e comunitaria. Esta actuación enmárcase nunha estratexia continua do Concello para mellorar locais sociais en todo o municipio, promovendo a socialización, dinamizando a vida rural e fortalecendo a vitalidade das parroquias.

6 DECEMBRO
BELEN DE PLASTILINA
12.00 H. > CASA DO CONCELLO
17.00 H. > CASA DA CULTURA

ACENDIDO DO BELEN FEITO DE
PAPEL RECICLADO DE XORNAL
18.00 H. > CASA DO MAR
ORGANIZA: ASOCIACIÓN DE
MULLERES DE SAN CIPRIÁN

13 DECEMBRO
MERCADO DE NADAL
+ ENTREGA DE PREMIOS DO
CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL
TODO O DÍA > PRAZA DO SOUTO
ORGANIZA: AIRINOS DO XUNCO
COLABORA: CONCELLO DE CERVO

17 DECEMBRO
DÍA DO SOCIO DO CIT
21.00 H. > LOCAL DA ASOCIACIÓN

19 DECEMBRO
VISITA DE PAPÁ NOEL E ELFO
AOS CENTROS ESCOLARES
POLA MAÑÁ

20 e 21 DECEMBRO
INTERACTIVE SUPER GRID + PISTA
MULTIOBSTACULOS 27 METROS
11.00-14.00 H. e de 16.00-19.00 H.
> PRAZA DOS CAMPOS

20 DECEMBRO
GUATEQUE ARRUGUÍAS DE NADAL
19.30 H. > CASA DO MAR
ORGANIZAN: CONCELLO DE CERVO
e ASOCIACIÓN TERRAMAR

21 DECEMBRO
VISITA DE PAPÁ NOEL A RUA
E CHOCOLATADA
ESCOLA DE RUA
ORGANIZA: VECINOS DE RUA
COLABORA: CONCELLO DE CERVO

MERENDA E VISITA DE
PAPÁ NOEL A TRASBAR
17.00 H. > LOCAL SOCIAL DE TRASBAR
ORGANIZA: ASOCIACIÓN VECINOS DO
BURGO DE TRASBAR
COLABORA: CONCELLO DE CERVO

GALA DE NADAL
Grupos musicais e de baile
do concello
19.30 H. > SALÓN DE ACTOS CONCELLO

22, 23 e 24 DECEMBRO
ACTIVIDADES XUVENIS: TREN DE NADAL
+ DOWNHILL ROLLERBALL
11.00-14.00 H. > CERVO CONCILIA
16.00-19.00 H. > PRAZA DOS CAMPOS
(o 24 ata as 18.30 h.)

23 DECEMBRO
VISITA DE PAPÁ NOEL E ELFO
11.30 H. > ESCOLA INFANTIL
17.00 H. > CENTRO DE DÍA RESIDENCIA

FESTA ACUÁTICA
17.00 H.-20.00 H. > PISCINA MUNICIPAL LIEIRO

24 DECEMBRO
NOITEBOA INFANTIL
POLA TARDE > PRAZA DO SOUTO
ORGANIZA: FERVENZA DE SARGADELOS
COLABORA: CONCELLO DE CERVO

26 DECEMBRO
CALLOFEST
21.00 H. > PRAZA DOS CAMPOS
ORGANIZAN: AMIGOS DA TROULA
e CONCELLO DE CERVO

27 DECEMBRO
BRINCOS DE NADAL
12.00 H. > ESCOLAS VELLAS DE CERVO
COLABORA: AIRINOS DO XUNCO
17.00 H. > CASA DA CULTURA

MAXICAMENTE (MAGO JORGE)
19.00 H. > SALÓN DE ACTOS CASA DO MAR

28 DECEMBRO
"SAINDO DO CERCO" (TEATRO DO NIOLO)
11.30 H. > COR DE SAN CIPRIÁN

Nadal

2025

29 DECEMBRO
ACTIVIDADES XUVENIS: NERF
E OBRADOIRO DE TATTOOS
11.00-14.00 H. e de 16.00-19.00 H.
> PRAZA DO SOUTO

30 DECEMBRO
ACTIVIDADES XUVENIS: NERF
E OBRADOIRO DE CHAPAS
11.00-14.00 H. e de 16.00-19.00 H.
> PRAZA DO SOUTO

GUATEQUE ARRUGUÍAS DE NADAL
17.30 H. > COR DE SAN CIPRIÁN

31 DECEMBRO
ALFOMBRAS DE BAILE
11.00-14.00 H. > PRAZA DOS CAMPOS
16.00-18.30 H. > PRAZA DO SOUTO

I CARREIRA POPULAR SAN SILVESTRE
A FUME DE CAROZO
12.00 H. > PRAZA DOS CAMPOS
ORGANIZA: A FUME DE CAROZO
COLABORA: CONCELLO DE CERVO

XUNTANZA E BRINDIS FIN DE ANO
19.00 H. > LOCAL SOCIAL DE TRASBAR
ORGANIZA: ASOCIACIÓN VECINOS DO
BURGO DE TRASBAR
COLABORA: CONCELLO DE CERVO

2 XANEIRO
BRINCOS DE NADAL
17.00 H. > ESCOLAS VELLAS DE CERVO

3 XANEIRO
BRINCOS DE NADAL
17.00 H. > CASA DA CULTURA

ESPECTÁCULO MUSICAL INFANTIL
19.30 H. > PRAZA DOS CAMPOS

4 XANEIRO
18.30 H. > ESPECTÁCULO DE MAXIA INFANTIL
20.30 H. > CONCERTO PARA TODOS OS PÚBLICOS
PRAZA DO SOUTO
ORGANIZA: CONCELLO DE CERVO
COLABORA: AIRINOS DO XUNCO

5 XANEIRO
CABALGATA DOS REIS MAGOS
SAN CIPRIÁN
18.00 H. > PASEO POLAS RÚAS E
RECEPCIÓN NA PRAZA DOS CAMPOS
ORGANIZA: CONCELLO DE CERVO
COLABORAN: ASOCIACIÓN MULLERES DE SAN CIPRIÁN
e ANPA PENÍNSULA DE LA PAZ
CHOCOLATE CON BISCOITO CASEIRO E BOCADILLOS
18.00 H. > PRAZA DOS CAMPOS
ORGANIZA: COMISIÓN DE FESTAS DE LIEIRO

CABALGATA DOS REIS MAGOS
CERVO
19.30 H. > PASEO POLAS RÚAS E
RECEPCIÓN NA PRAZA DO SOUTO
ORGANIZA: AIRINOS DO XUNCO
COLABORA: CONCELLO DE CERVO

7 XANEIRO
ALFOMBRAS DE BAILE
11.00-14.00 H.
16.00-19.00 H.
> PRAZA DOS CAMPOS

25 XANEIRO
CAMPIONATO DE
ANINOVO DE KATA
E EXPRESIÓN TÉCNICA
POLA MAÑÁ > PAVILLÓN
CEIP PENÍNSULA DA PAZ
ORGANIZAN: DEPARTAMENTO
GALEGO DE NIHON TAIJITSU
e FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
COLABORAN: ESCOLA DE ARTES
MARCIAIS DE CERVO e
CONCELLO DE CERVO



Trabada Rubén García Freije

“A sensación reconfortante que sentes cando axudas a un veciño é moi gratificante”



DATOS
HABITANTES: 1.083
PARROQUIAS: 8
EXTENSIÓN: 82,71 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo.
CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PSOE e 3 do PP.
ALCALDE: Rubén García Freije do Partido Socialista.
VOCEIRO PP: José María Fernández Vázquez.

O alcalde repasa a súa traxectoria persoal, os sacrificios e motivacións que o levaron á política, así como os principais retos, sempre desde unha visión próxima e centrada na veciñanza

Como se iniciou na política?
Foi por unha chamada da anterior rexedora, Mayra. É certo que eu non amosaba moito interese daquela pola política, pero desafortunadamente comecei a descubrir un mundo totalmente novo para min. Pois na etapa de Mayra eu era concelleiro de Deportes e Saúde. Debido aos cambios nas anteriores eleccións autonómicas pois houbo cambios estruturais e onde se deu a situación na que me atopo agora.

A nivel persoal, que sacrificios su-

pón formar parte do Goberno do Concello?
Dedicarlle 24 horas os 365 días do ano. É dicir, estar sempre en alerta das emerxencias que se poidan dar, pero ben é certo que hai que ter moi organizado o día a día.

E beneficios?
O primeiro foi descubrir a política local, é que me gusta. É certo que sempre me gustou traballar de cara ao público e o trato directo coa xente. Tamén a sensación reconfortante que sentes cando lle axudas a un veciño, e non falo de grandes actuacións senón dos pequenos detalles. Poder axudarlle á xente e que sigan avanzando no seu día a día é moi gratificante.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?
A verdade é que non o penso. Estou moi centrado en Trabada, teño toda a miña vida persoal e profesional aquí. Polo que o meu obxectivo é seguir traballando para a veciñanza, e seguir executando diferentes programas a curto e longo prazo. Non penso máis aló, non son esas persoas que pensan moito no que poida vir o día de mañá, eu son máis de gozar o día a día, certo é que hai que ter unha planificación do traballo, pero non me obsesiono co que poida vir no futuro.

Como encara a próxima lexislatura?

Con moitas ganas e moita ilusión. Son unha persoa que actúa e se move polas ilusións e as motivacións, e por sorte desenvolvo un traballo que me gusta. Teño na mente seguir cos proxectos que temos en marcha. No ámbito social, como as escolas e as súas rehabilitacións para aumentar o seu número no municipio. Despois co día a día, non quero presentar grandes proxectos senón ter unha atención directa aos veciños. Que un veciño chegue e poda falar comigo e eu poda ato-



parlle solución, darlle consello ou asesoralo como mellor poda.

Está a favor dos pactos para conformar un Goberno estable?
Polo momento non me tocou vivilo.

“Non quero presentar grandes proxectos, senón ter unha atención directa aos veciños”

Pero creo que sempre hai que mirar o ben da veciñanza, e no hipotético caso de que me toque vivilo, pois habería que sentarse, falar e negociar. En calquera tarefa da vida, hai que falar as cousas con tranquilidade e con calma. E como digo, sempre mirando o fin único que neste caso ten que ser en beneficio aos veciños do concello que representamos.

Cales son as principais liñas do seu programa?
Dentro do tema social, seguiremos protexendo aos colectivos máis vulnerables, e para as familias que podan asentarse nun futuro no nosos Concello. Eu creo que pode resumirse en: mirar máis aló das grandes obras e infraestruturas e centrarse nas persoas.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Por sorte ou por desgracia somos un de tantos concellos pequenos que existen polo que temos que loitar contra a despoboación. Por iso levamos a cabo programas neste senso, como o de arranxar as antigas escolas para convertelas en vivendas. E tamén esperamos que nos vindeiros meses quede resolto o problema coas telecomunicacións coa posta da fibra óptica e a mellora da cobertura móbil.

De que proxectos se sente máis orgulloso?
En canto a obras de melloras e infraestruturas, o proxecto do que me sinto máis orgulloso é a construción do Centro social na rúa de Abres, por fin se puido facer despois de tantos anos. E téñolle esta especial ilusión porque era a única parroquia que non tiña local para os veciños.

Despois, síntome moi orgulloso tamén do programa de alugueiro social das antigas escolas. Faime especial ilusión, e sobre todo que ten moito sentimento pois foron esas antigas escolas de mestres onde as xeracións pasadas como os nosos pais ou nosos avós foron á escola polo que contan cun valor engadido. Conseguir rehabilitalas e poder sacalas en alugueiro social, é unha gran ilusión.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?
Eu creo que o que destacan é que son unha persoa próxima. A xente entra no Concello é a miña porta sempre está aberta, sempre poden falar comigo e chamarme, porque eu son un veciño máis. Eu intento tratar a todos como me gustaría que me tratan.

Como é a súa relación coa oposición?
Eu sempre digo que comigo pode falar calquera persoa e calquera veciño de Trabada, e eu sempre intento atender todas as demandas. É así o fago incluso cos membros da oposición. Sempre, cando o queiran, aquí estou para escoitalos. Tamén é certo que non nós están a aportar nada positivo, polo menos nestes case dous anos que levo na Alcaldía. Non están a aportar nada que sume para o noso concello, senón todo o contrario, as veces parece que intentan poñernos trabas no que é o traballo do día a día.

EN CLAVE PERSOAL	
Idade, estado civil e familiar. 35, casado, un fillo e unha filla.	Unha afección. O deporte en xeral.
Profesión e formación. Autónomo emprendedor, unha vez rematado o instituto centreime no mundo do deporte.	Un lugar que visitar. As Fragas da Becerreira e a de Villapena en Trabada, e Islandia.
E si non fora alcalde que sería? Seguiría sendo autónomo.	Unha comida e unha bebida. O caldo galego que fai a miña nai, e o zume de laranxa natural.
Que quería ser de maior? Futbolista.	Unha personaxe admirada. Meu avó. Porque foi un loitador desde o punto de vista político.
Que fai para desconectar? Xogo ao fútbol sala no equipo local, son afeccionado á moto, e estar cos meus cativos.	Unha posesión prezada. Unha camiseta do actual equipo de fútbol sala, en homenaxe a dous xogadores que faleceran, un deles meu irmán.
Unha virtude e un defecto. Eu diría que actúo sempre de boa fe, empatizando moito coa xente. E defecto, que cando me centro nunha tarefa teño que rematala.	Un desexo. A nivel familiar, saúde, e para Trabada, resistir e medrar.
Un consello para compartir. A vida é moi curta, e hai que desfrutala segundo se nos presenta.	Algo para esquecer. Nada. As cousas pasan por algo.
Un libro. Non son moi afeccionado, pero téñolle ganas a Ken Follet.	Que é o que máis valora nunha persoa? A sinceridade.
Unha película. Lo imposible de Juan A. Bayona.	Un desafío pendente. Viaxar moito máis, coñecer o mundo as costumes e as súas culturas.
Un grupo de música. Linkin Park e Siloé.	Onde se ve en cinco anos? En Trabada. E se todo vai ben, traballando para os meus veciños.

O Concello reforza servizos sociais nos novos orzamentos municipais

O Concello de Trabada vén de aprobar en pleno os maiores orzamentos municipais da súa historia, que ascenden a 2.051.341,61 euros. Trátase dunhas contas definidas polo goberno local como “ambiciosas, realistas e centradas nas persoas”, cunha distribución económica que prioriza os servizos sociais, o apoio ao tecido asociativo e a mellora das parroquias.

Segundo explicou o equipo de goberno, o 30 % do total do orzamento, é dicir, 604.499,08 euros, destínase aos servizos sociais municipais e ao Centro de Maiores, unha partida que consideran esencial para garantir unha atención digna e reforzada ás persoas maioristas e á veciñanza que precisa apoio asistencial. Outra das liñas destacadas é o impulso ao asociacionismo local, cunha asignación de 26.800 euros dirixida a asociacións culturais, clubs deportivos e comisións de festas, entidades consideradas fundamentais para manter viva a actividade social e cul-



tural en todo o municipio.

En canto aos investimentos, as contas recollen un total de 467.759,42 euros para mellora de infraestruturas e servizos públicos, con actuacións destinadas ás parroquias e a diferentes puntos do termo municipal. O goberno local subliña que estes fondos permitirán avanzar na renovación de vías, espazos comúns e servizos básicos.

Desde o executivo municipal destacan ademais que o Concello conti-

nuará traballando para captar subvencións doutras administracións, un obxectivo que consideran clave para seguir impulsando proxectos e incrementando a capacidade de investimento sen cargar todo o peso sobre os recursos propios.

O goberno local insiste en que estes orzamentos representan “un paso decisivo para seguir mellorando a calidade de vida da veciñanza e avanzar nun modelo de municipio máis cohesionador, dinámico e atendido”.

O Concello reactivou a bolsa do Servizo de Axuda no Fogar ante a crecente demanda

O Goberno local anunciou a reapertura da bolsa de emprego destinada ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF), unha medida coa que pretendía ampliar o número de profesionais dispoñibles para facer fronte ao incremento de usuarios e ás maiores necesidades de apoio detectadas nas semanas previas.

Segundo explicaban desde o consistorio, producírase un notable aumento das familias que precisaban este servizo, así como das horas de atención que se estaban a prestar diariamente, polo que resultaba imprescindible reforzar o persoal para garantir unha resposta áxil, eficaz e de calidade.

O alcalde de Trabada, Rubén García Freije, subliñou que o SAF “era un dos piares fundamentais da política social municipal” e que o Concello realizaba “un esforzo constante por ofrecer unha atención próxima, profesional e



adaptada ás necesidades reais da nosa veciñanza”. Engadiu ademais que a incorporación de novo persoal “era esencial para manter un servizo digno e plenamente operativo”.

Con esta iniciativa, o Concello de Trabada reafirmaba o seu compromiso coa mellora continua dos servizos sociais e coa protección das persoas dependentes, favorecendo que puidesen seguir residindo nos seus fogares con seguridade, apoio e acompañamento profesional.

Trabada conta cunha nova vivenda municipal para alugueiro accesible

A localidade de Trabada dispón desde agora dunha nova vivenda municipal destinada ao alugueiro, resultado da rehabilitación da antiga escola de Valboa. A intervención contou cun apoio da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de 43.000 euros, destinado a transformar o inmoble nunha residencia apta para a veciñanza. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o lugar para comprobar o resultado dos traballos realizados e destacou a importancia deste tipo de actuacións para mellorar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro.

A actuación en Valboa insírese na liña de axudas iniciada en 2017 para impulsar a recuperación de inmobles de titularidade municipal. Dende entón, a Xunta investiu 174.100 euros en Trabada para rehabilitar cinco propiedades públicas situadas nas parroquias da Igrexa (Sante), O Castro (Vidal), Vilapercide e Trabadelas. Grazas a estas intervencións, xeráronse cinco vivendas distribuídas en distintos núcleos do municipio, todas orientadas a facilitar que a veciñanza poida acceder a un alugueiro accesible.

O delegado territorial lembrou que estas axudas poden cubrir

ata o 95% do investimento realizado polos concellos, reforzando o papel das administracións locais na ampliación do parque público residencial. No conxunto da provincia, a convocatoria deste ano permitiu destinar 561.000 euros a sete municipios, co obxectivo de crear 13 novas vivendas. Arias subliñou que a Xunta mantén o seu compromiso de ampliar o parque de vivenda pública en Lugo, tanto a través de novas promocións como mediante a colaboración directa cos concellos, favorecendo así a mobilidade e o acceso á vivenda para toda a cidadanía.

Inscripción aberta para a recollida de plásticos agrícolas nas explotacións do municipio

O Concello activará entre o 15 e o 19 de decembro de 2025 unha nova campaña de recollida de plásticos agrícolas directamente nas explotacións, un servizo pensado para facilitar o traballo do sector agrogandeiro do municipio. Segundo explicou o alcalde, Rubén García, “o noso obxectivo é apoiar aos agricultores e gandeiros, garantindo a correcta xestión dos residuos plásticos e mantendo o compromiso do Concello cun dos

sectores económicos máis relevantes de Trabada”.

As persoas interesadas deberán inscribirse previamente chamando ao 982 135 011 ou acudindo ás oficinas municipais antes do 12 de decembro. Un camión municipal percorrerá as explotacións inscritas para recoller o plástico directamente na súa localización, evitando así desprazamentos innecesarios e facilitando a labor dos profesionais do campo.



BNG e PSOE sinalan carencias en servizos básicos

O pleno ordinario do Vicedo deixou múltiples críticas da oposición, que alertou de deficiencias en servizos básicos e da falta de planificación municipal. O portavoz do BNG, Miguel Gómez Fraga, denunciou problemas na recollida do lixo —escaseza de contedores de plástico e cartón, ausencia de bases suxeitacontedores e a necesidade dun punto limpo—, así como apagados no alumeadado público en Moledos e na rúa Rosalía de Castro. Tamén reclamou medidas de apoio ao sector gandeiro e a instalación urxente dun punto

de desinfección para transporte de animais ante o risco sanitario. A corporación aprobou por unanimidade melloras na recollida do lixo, mentres o goberno local atribuíu os apagados a un cortocircuito e á limitada autonomía das farolas solares. Informou ademais sobre médicos, Centro de Día, Servizo de Axuda no Fogar e atrasos en Sogama. O BNG pediu impulsar o “Plan Emprende Terras do Sor”. Pola súa banda, o PSdeG criticou a falta de transparencia, planificación e unha modificación de crédito de máis de 300.000 euros.

Continúa o servizo de comida a domicilio para maiores

O Concello anunciou a continuidade do programa “Xantar na Casa”, un servizo de comida a domicilio que busca garantir unha alimentación equilibrada, segura e adaptada ás necesidades das persoas máis vulnerables do municipio. Segundo o alcalde, José Jesús Novo Martínez, o programa está dirixido a maiores de 60 anos con autonomía limitada, dependentes con discapacidade sen apoio familiar e cidadáns en situación de exclusión social, sempre que dispoñan dun informe dos servizos sociais. O servizo inclúe a prepara-

ción e entrega diaria dos menús, priorizando a calidade dos alimentos e a súa adaptación a cada situación persoal. Só poderán acceder aquelas persoas empadroadas e con residencia efectiva no Vicedo que cumpran os criterios establecidos no bando municipal. Desde a alcaldía destacan que esta iniciativa pretende reforzar a protección social, garantindo que ningún veciño en situación de vulnerabilidade quede sen acceso a unha alimentación adecuada, reforzando así o apoio da administración local aos cidadáns máis necesitados.

O Concello mobiliza 300.000 euros para proxectos urxentes

O Concello de O Vicedo vén de facer pública unha modificación do orzamento municipal co obxectivo de habilitar crédito extraordinario para executar diversas obras consideradas prioritarias. O alcalde, Jesús Novo, explicou que este axuste económico resulta “imprescindible para poder adxudicar actuacións que non podían agardar máis e que mellorarán servizos básicos e distintos equipamentos públicos”.

Segundo a documentación municipal, a proposta recolle un investimento total de 300.681,28 euros, destinado a intervencións que non figuraban nas partidas orzamentarias vixentes pero que agora se financiarán a través da redistribución de créditos. Entre as actuacións previstas inclúese a instalación dun novo punto de luz en Folgueiró e varias melloras en materia de limpeza e xestión de residuos no propio concello. Ademais, contemplase a reforma da fachada e a instalación dun portal nun local municipal situado na capitalidade. Unha parte relevante do investimento dirixese á mellora de infraestruturas educativas. O documento recolle a protección e renovación das fachadas das escolas de O Vilar e de Folgueiró, así como a execución da nova soleira exterior neste último centro. Tamén se inclúe a construción de aseos exteriores para a pista multideporte e a zona de calistenia,



así como a substitución da cuberta do parque infantil da rúa Francisco Vilasuso, unha demanda reiterada polas familias usuarias. Jesús Novo subliñou que todas estas actuacións teñen “carácter urxente e inaprazable” e que permitirán “seguir avanzando na mellora dos servizos municipais e dos espazos públicos que usa a veciñanza cada día”.

CASA DA CULTURA. O Vicedo acollerá este xoves 11 de decembro a presentación dun novo cómic de Cristian F. Caruncho, artista ben coñecido pola súa implicación na creación dos carteis da Romaxe Viquinga nos últimos anos. A obra, titulada “O Día de S. Martiño”, ofrece un Western “rural” cargado de acción e humor, pensado para divertir a todas as idades. A actividade terá lugar na Biblioteca

da Casa da Cultura e dividirse en dúas sesións. A primeira, ás 17:30 horas, estará destinada ao público infantil, especialmente aos nenos e nenas de Primaria, que xa coñecen o traballo do autor e seguramente gozarán coa historia. A segunda sesión, ás 19:00 horas, será aberta a todo tipo de público e permitirá que maiores e pequenos poidan compartir a experiencia da presentación e coñecer os detalles da obra. Con esta iniciativa, a Casa da Cultura continúa promovendo actividades culturais e literarias que achegan autores locais á veciñanza, fomentando a lectura, a creatividade e a participación comunitaria. O evento promete ser unha tarde entretida, na que a acción e o humor do cómic conquistarán tanto aos máis novos como aos adultos.

O BNG pide información sobre as novas cámaras do ximnasio

O BNG de Riotorto esixe a retirada inmediata das cámaras de vixilancia do ximnasio municipal e do pavillón do colexio tras a falta de explicacións do goberno municipal sobre a xestión das imaxes durante o último pleno. A portavoz Vanesa Gómez denunciou “a falta de aclaracións de Clemente Iglesias sobre a recepción e a custodia das imaxes, a pesar da presenza no pleno de veciñas e veciños que tiñan expresado reiteradamente a súa alarma por este asunto. Non escoitaron explicacións, nin atisbo de rectificación”, lamentou a concelleira nacionalista. “Ante a preocupación pola presenza de imaxes nun móbil de uso persoal do alcalde, o lóxico é que se dean todas as explicacións, se asuman

responsabilidades e se ofrezan garantías para o futuro. Como non se deron e se insiste en negar a evidencia, as cámaras non poden seguir no ximnasio nin no pavillón”, argumentou a concelleira nacionalista. “As cámaras instaláronse sen avisos nin carteis informativos, incumprindo claramente a normativa, e só despois de que as persoas afectadas pola exposición da súa privacidade reclamasen, o alcalde e o seu entorno comezaron a intentar tapar furados, cun desprezo absoluto pola verdade e unha falta de respecto intolerable cara as persoas afectadas. Desde o BNG insistiremos en que se ofrezan a documentación requirida, e se asuman responsabilidades pola xestión das imaxes”, concluíu.

O Concello renova a cuberta do campo de bolos de Santa Marta

O Concello de Riotorto vén de completar unhas obras de mellora no campo de bolos de Santa Marta de Meilán, unha instalación moi utilizada polos veciños e polo Club de Bolos Cruceiro de Meilán, que é o equipo local que compite habitualmente neste espazo. A actuación centrouse na renovación da cuberta, empregando materiais de calidade e de marcado carácter autóctono, como piares de granito, cangos de castaño e lousa do país. Ademais, instalouse un novo canlón de aluminio para mellorar a evacuación da auga e garantir así unha maior durabilidade da estrutura. Desde o Concello explican que



esta mellora responde ao compromiso de conservar as construcións tradicionais, respectando a súa estética e integrándoas na paisaxe rural. Os traballos, ademais de asegurar

a protección fronte ás inclemencias meteorolóxicas, permitirán que o Club de Bolos Cruceiro de Meilán poida continuar coa súa actividade deportiva en mellores condicións.

As XXV Xornadas de Arqueoloxía tratarán do Fenómeno Xacobeo

As XXV Xornadas Mindonienses de Arqueoloxía consolidanse como unha das citas culturais máis relevantes de Mondoñedo. Nesta edición especial, que marca o seu vinte e cinco aniversario, o programa céntrase no Fenómeno Xacobeo cun enfoque multidisciplinar que abrangue arqueoloxía, historia, arte e estudos bioantropolóxicos. As actividades terán lugar os días 12, 13 e 14 na Sala de Conferencias do Pazo Santomé e combinarán sesións teóricas con visitas guiada.

O Concello conta nesta ocasión coa colaboración de institucións internacionais como a Vrije Universiteit Brussel, o Max Planck Institute of Geanthropology e a Catedral de Santiago, alianzas que permitirán revisar interpretacións actuais sobre a orixe e evolución da peregrinación. A dirección corre a cargo do arqueólogo municipal, Abel Vigo, mentres que a coordinación científica recae en Patxi Pérez Ramallo, especialista recoñecido pola súa análise das primeiras pegadas dos



peregrinos en Galicia.

As xornadas inauguraránse o venres 12 ás 19:45 horas. Tras a entrega de documentación, Pérez Ramallo impartirá a conferencia “A voz das persoas anónimas: a bioarqueoloxía e a orixe do Camiño de Santiago”, baseada en restos materiais e estudos antropolóxicos. O sábado 13 abriase coa intervención de Domingo Luís González Lopo, que abordará a evolución da peregrinación entre os séculos XVI e XVIII. Pola tarde, o catedrático Miguel Taín Guzmán ofrecerá unha conferencia sobre

a iconografía e os ritos da peregrinación no altar maior da Catedral compostelá.

O domingo 14 estará dedicado a unha xornada completa en Santiago. A saída será ás 07:45 horas e ás 10:00 Daniel Lorenzo Santos explicará os últimos procesos de restauración da Catedral. Pola tarde, os participantes visitarán o Pórtico da Gloria e a Necrópole acompañados de Lorenzo Santos e Pérez Ramallo. A clausura realizarase coa entrega de diplomas.

Aprobados os orzamentos de 2026 entre críticas e debates sobre investimentos

O Concello de Mondoñedo aprobou en pleno os orzamentos municipais para 2026, situándose entre os primeiros municipios da provincia en contar cun documento preparado con antelación. O total ascende a 4.024.775,62 euros, dos que 2.602.939 euros destínanse a Servizos Sociais e ao persoal municipal, un capítulo que o goberno local cualifica de “investimento, non gasto”. Entre as prioridades destacan a renovación do firme de vías urbanas e rurais, a conservación e mellora de espazos públicos, incluíndo actuacións nos baños da Alameda e na estación de autobuses. O capítulo de bens correntes e servizos alcanza os 1.321.921 euros, mentres que os investimentos reais suman 32.064,70 euros. Nos ingresos, o Concello calcula 1.486.000 euros de impostos directos, 30.000 euros de indirectos, 780.811 euros de taxas, prezos públicos e outros, 1.565.500 euros de transferencias correntes e 67.421 euros de ingresos patrimoniais. Segundo o goberno local, estes orzamentos permiten planificar con antelación, garantir estabilidade financeira e continuar mellorando a calidade de vida da veciñanza, consolidando unha administración próxima e eficiente.

Con todo, os grupos da oposición expresaron críticas destacadas. O BNG alertou que os orzamentos non aseguran un mantemento eficiente de espazos e edificios públicos, e que carecen de realismo, baseándose nun rápido “corta e pega” de exercicios anteriores. Eloi

Cabanas cualificou de insuficiente o capítulo de investimentos, que só recolle partidas vinculadas ao Plan Deputación e ao PEIM por 32.000 euros, e cuestionou a capacidade do goberno de Manuel Otero para completar proxectos pendentes. Entre as propostas do BNG destacan a contratación de persoal cualificado, actualización da RPT, mellor control do gasto en festas e apoio ás asociacións, así como partidas para fomentar o comercio local e a recuperación da piscina municipal.

Pola súa banda, o PSdeG votou en contra, sinalando que os orzamentos non responden ás necesidades reais da veciñanza e perpetúan a “mala xestión dos últimos anos”. Critican que os investimentos reais son “raqúuticos” e que aumentan partidas en publicidade e protocolo sen resolver problemas estruturais. Ademais, consideran necesario reforzar o persoal municipal, reducir subcontratacións, priorizar recursos en parroquias, revisar alugueres como o dun establecemento deportivo e mellorar infraestruturas como a estación de autobuses, accesos, sinalización e o río de San Lázaro.

O goberno defende que as contas reflicten planificación, estabilidade e compromiso co benestar da veciñanza, mentres a oposición insiste en que faltan ambición, recursos e políticas innovadoras para transformar Mondoñedo nun municipio máis dinámico e eficiente.

Avanza a recuperación da Ponte do Arco con obras no piar danado

As obras de mellora na Ponte do Arco, situada na parroquia mindoniense de Masma, avanza a bo ritmo coa intervención impulsada pola Consellería do Medio Rural. A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, visitou estes días a zona para supervisar uns traballos aos que se

destinan máis de 48.000 euros e que teñen como meta recuperar a funcionalidade desta infraestrutura histórica para o tráfico rodado.

A actuación céntrase na restauración do piar máis afectado polo paso do tempo e pola acción da auga. Para iso, estase a canalizar o río co fin de illar a base deteriorada e permitir a

súa recuperación en condicións de seguridade. A reconstrución realízase de maneira manual, empregando pedra natural e materiais que respecten tanto as características orixinais como a estética do contorno, garantindo unha integración coherente co patrimonio que representa esta ponte.



Aberta a convocatoria de axudas para o baleirado de fosas en zonas sen sumidoiros

O Concello de Xove abriu unha nova convocatoria de axudas destinada ao baleirado de fosas sépticas e doutros sistemas individuais de tratamento de augas residuais en zonas que carecen de rede municipal de sumidoiros. A resolución, publicada no BOP do 18 de novembro, establece unhas subvencións en réxime de concorrencia non competitiva co fin de garantir unha xestión adecuada destes residuos e evitar impactos no medio natural. A liña está dirixida tanto a vivendas como a establecementos turísticos ou de restauración situados en áreas sen acceso ao sistema municipal, sempre que contén con instalacións autónomas de depuración. As persoas físicas maiores de idade titulares dos inmobles poderán solicitar estas axudas, cun máximo de 200 euros por beneficiario. A partida total habilitada polo Concello ascende a 5.000 euros. O prazo de presentación comprenderá do 1 de xaneiro ao 10 de decembro de 2026, aínda que se admitirán vaciados efectuados desde o 1 de outubro deste ano. A información completa pode consultarse no Departamento de Agricultura e Gandaría, e as solicitudes deberán presentarse mediante o impreso oficial, tanto na Sede Electrónica como no Rexistro Xeral.

O prazo para solicitar árbores e plantas estará aberto ata o día 30 de decembro

O Concello anunciou a apertura do prazo para solicitar árbores froiteiras, autóctonas, ornamentais e plantas de xardín. As persoas interesadas poderán facer a súa petición ata o 30 de decembro de 2025. Esta iniciativa, impulsada polo Departamento de Agricultura municipal, pretende fomentar o coidado da contorna e promover o uso de especies propias da zona, adaptadas ao clima e ao solo local. Deste xeito, o Concello aposta por unha repoboación sostible e respectuosa co medio ambiente. As solicitudes deberán presentarse de maneira presencial nas dependencias do Departamento de Agricultura do Concello, onde se facilitará toda a información necesaria sobre o tipo de plantas dispoñibles e o procedemento para a súa recollida. Con esta proposta, o goberno local anima á veciñanza a participar activamente na mellora dos espazos verdes, tanto públicos como privados, e a contribuír á conservación da biodiversidade do municipio.

O Goberno local avanza na mellora da súa rede viaria

O Concello de Xove continúa reforzando a súa rede de comunicacións mediante diversas intervencións recentes, tanto con fondos propios como con achegas doutras administracións. Entre elas destaca a recepción das obras de pavimentación no vial que conecta o núcleo urbano co Portiño de Morás, na LU-P-2601 ao seu paso por Sumoas. Esta actuación, financiada a través do Plan Único 2024 cun investimento de 145.628 euros —dos cales a Deputación achegou 94.726— incluíu unha nova capa de aglomerado en quente, a ampliación dun tramo estreito en Poceiras e a construción dun muro de contención que eliminou un punto negro de tráfico. Ademais, habilitouse un sendeiro peonil que mellora a mobilidade entre Xove e Sumoas. Paralelamente, o Concello finalizou o acondicionamento da pista que une o núcleo de Gondar, na parroquia de Monte, co municipio de Viveiro. Esta obra, moi demandada pola veciñanza e polos profesionais do sector agrogandeiro, permitiu o asfaltado integral do viario e a limpeza das cunetas, ampliando a súa



anchura e facilitando o paso de maquinaria pesada. Cun investimento de 66.187 euros, contou cunha achega de 53.454 euros de AGADER dentro do programa Camiña Rural 2025-2026. Finalmente, a Deputación de Lugo vén de aprobar a licitación de obras por 818.403 euros para mellorar tres estradas provinciais situadas no termo municipal: a LU-P-2601, a LU-P-2604 e a LU-P-2605. Os traballos incluírán reapertura de cunetas, pavimentación e nova sinalización, cun prazo estimado de execución de nove meses. A institución provincial destacou que esta licitación supón un paso esencial para cumprir o acordo de cesión das vías ao Concello.

Xove estrea un itinerario natural que une o centro do municipio co parque multideportivo

Inaugurouse un novo percorrido destinado a impulsar o sendeirismo e fortalecer a relación da cidadanía co medio natural. O itinerario conecta directamente o centro urbano co parque multideportivo de Pump Track, situado na entrada da vila dende Cervo, e ofrece continuidade cara á Ruta dos Muíños, ampliando as opcións de lecer e actividade física tanto para veciños como para visitantes. O goberno local explica que a actuación contou cun investimento municipal de 48.346 euros, ao que se sumou unha achega de 38.677 euros da Consellería de Medio Ambiente mediante o programa Galicia Refuxio Climático, orientado á recuperación de contornas naturais e á adaptación ambiental. Os traballos centráronse na recuperación integral dun antigo camiño primitivo que no pasado utilizaban os habitantes da Rigueira para desprazarse ao núcleo de Xove. Co paso do tempo, aquel carreiro estreito



quedara restrinxido ao uso ocasional dos propietarios das fincas próximas, ata practicamente desaparecer da vida cotiá. A completa adecuación realizada polo Concello permite agora devolverlle utilidade e valor, converténdoo nun recurso paisaxístico e deportivo. A veciñanza poderá gozar dun traxecto seguro e atractivo que enlaza a zona urbana co Pump Track e continúa ata a Ruta dos Muíños, un dos percorridos máis apreciados do municipio.

O Concello mellora a eficiencia enerxética do Centro Cívico



O Concello de Xove recibiu a obra de substitución da caldeira de biomasa que fornece enerxía térmica a todo o Centro Cívico, unha intervención de gran alcance destinada a mellorar a eficiencia enerxética e avanzar cara a un modelo máis sostible. A actuación consistiu na renovación da antiga caldeira de estela de 500 kW por unha nova de 800 kW, acompañada dun elevador de estela e dun silo de almacenamento de maior capacidade. Tamén se modernizou por completo a sala de máquinas, adaptándoa ao RITE 2019 e incorporando equipos avanzados como un axitador rotatorio, parafuso sinfin, ciclón, filtro electrostático, circulador electrónico, contadores enerxéticos e un novo vaso de expansión. O proxecto inclúe un sistema integral de xestión tipo ESCADA e un control remoto que permitirá supervisar en tempo real o funcionamento da

instalación, facilitando a detección de incidencias e optimizando o rendemento global. O investimento ascendeu a 342.817,20 euros, dos que 261.605,40 foron financiados pola Xunta a través do INEGA, mentres que Rede Eléctrica contribuíu con 46.502 euros mediante convenio. O Concello asumiu uns 34.700 euros, logrando ademais un aforro no subministro grazas ao aumento da capacidade de almacenamento. O goberno local subliñou que esta modernización supón un avance clave na redución das emisións de CO₂ e na aposta por enerxías renovables. O uso de biomasa local favorece a creación de emprego e reduce a dependencia de combustibles fósiles. O alcalde destacou que se trata dun proxecto estratéxico que combina innovación tecnolóxica, eficiencia económica e compromiso ambiental.

Incorporan un novo coche ao Servizo de Vixilancia para mellorar a resposta no rural

O Goberno local vén de reforzar o Servizo de Vixilancia coa adquisición dun novo Dacia Duster, que xa forma parte do parque automobilístico municipal. A compra, explican desde o Goberno local, responde á necesidade de renovar un vehículo que superaba os 400.000 quilómetros e sufría frecuentes avarías, o que dificultaba o seu uso diario nas rutas rurais e urbanas do municipio. O investimento total ascende a 39.909 euros, dos cales 29.947 foron achegados pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia a través dunha liña de axudas en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental. O resto foi financiado con fondos municipais. O novo Duster incorpora motor de gasolina, transmisión manual e a robustez necesaria para afrontar os desprazamentos diarios polas

diferentes parroquias. Ademais, trátase dun modelo híbrido con etiqueta ambiental ECO, pensado para reducir emisións e mellorar o consumo, unha característica que o Concello valora especialmente dado o uso intensivo deste servizo ao longo do ano. Desde a Administración local subliñan que este reforzo permitirá optimizar a cobertura no territorio, acurtar tempos de intervención e incrementar a seguridade tanto para o persoal municipal como para a veciñanza. “É unha aposta por un servizo máis fiable, eficiente e sostible, adaptado ás necesidades dun concello con numerosas parroquias e longas distancias internas”, destacan. O vehículo xa está operativo e comezará de inmediato a realizar as súas funcións habituais de vixilancia e control en todo o municipio.

OS QUINTOS DE ALFOZ



Os dous quintos cursos do ano 1956 de Alfoz xuntáronse nun emotivo reencontro que reuniu a antigos compañeiros e compañeiras das escolas unitarias que funcionaban no municipio naquela época. En total participaron 19 persoas, aínda que varias non puideron asistir finalmente a esta cita tan especial. O grupo, que hoxe rolda os 69 anos, rememorou vivencias da infancia, anécdotas das aulas e historias compartidas durante aqueles anos de formación que marcaron a súa mocidade. A xuntanza desenvolveuse nun ambiente de gran complicidade e nostalgia, no que non faltaron lembranzas comúns e moitas ganas de actualizar a vida de cada quen.

Impulsan melloras na Escola Infantil e noutros edificios locais



O Goberno local vén de completar un conxunto de actuacións centradas na modernización da Escola Infantil Galiña Azul, situada en Carballido, así como noutras dependencias públicas do municipio. O obxectivo principal destas intervencións é asegurar espazos máis confortables, seguros e eficientes desde o punto de vista enerxético.

Un dos cambios máis destacados foi a renovación da caldeira da Escola Infantil, unha mellora incluída no proxecto “Mellora da eficiencia enerxética de edificios municipais (Casa do Concello – Escola Infantil)”, financiado a través do Fondo de Compensación Ambiental (FCA) 2025. Esta liña de axudas, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, permitiu investir un total de 45.058,12 euros.

O proxecto tamén recolleu a conexión do sistema de calefacción da Casa Sociocultural coa Casa do Concello, unha medida destinada a optimizar recursos e acadar unha xestión térmica máis racional e sostible entre ambos edificios.

Xunto a estas actuacións, o goberno local destinou fondos propios para acometer diversas melloras complementarias na Escola Infantil. Entre elas inclúese a substitución da secadora e do microondas, o cambio das columnas do peche do patio, o arranxo dunha cociña da área de xogos e a fabricación de pés elevados para as bandexas de experimentación, co fin de facilitar metodoloxías de manipulación e aprendizaxe activa. Tamén se instalaron topes nas portas para reforzar a seguridade diaria do centro.

A alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda Paz, destacou que estas obras “reflicten o compromiso do Concello coa eficiencia enerxética e coa atención á primeira infancia, ao mellorar o confort dos máis pequenos e do persoal e garantir un servizo público de calidade”.

Con estas actuacións, o Concello de Alfoz continúa a súa aposta pola mellora permanente das infraestruturas municipais, combinando o aforro enerxético cun maior benestar para a veciñanza.

O Concello de Alfoz renova o pavillón e o campo de fútbol

O Concello de Alfoz impulsa dúas actuacións destacadas en instalacións deportivas clave do municipio: a renovación integral da cuberta do pavillón municipal e a substitución da cuberta da grada do Campo de Fútbol Municipal. Ambos proxectos buscan mellorar a seguridade, o confort e o estado xeral destes espazos moi utilizados pola veciñanza.

A primeira intervención materializarase grazas ao convenio formalizado entre a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e o Concello, polo que a institución provincial achegará 143.000 euros para renovar completamente a cuberta do pavillón. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, e o deputado de Mocidade, Daniel García, visitaron as instalacións xunto coa alcaldesa, Efigenia Maseda, e o concelleiro de Deportes, Eliseo Lorenzo, para coñecer ao detalle a



actuación prevista. A obra dará solución definitiva ás filtracións dos días de choiva e permitirá mellorar un espazo que acolle actividades deportivas municipais, clases e recreos do CEIP Plurilingüe Castro de Ouro, ademais de eventos culturais e sociais.

Paralelamente, o Concello completou a renovación da cuberta da grada principal do campo de fútbol, unha obra executada ao abeiro das axudas da Xunta para a co-

rrección de impactos paisaxísticos, cun investimento de 28.809,08 euros —20.000 deles procedentes de subvención autonómica—. Retírouse a antiga cuberta de fibrocemento con amianto mediante unha empresa autorizada, e instalouse unha nova estrutura de chapa lacada, acompañada do pintado antioxidante da grada. O goberno local destaca que esta mellora reforza a seguridade e contribúe a un rural máis coidado e atractivo.

o valadouro

A rehabilitación do cuartel da Garda Civil segue sen calendario concreto

O senador mariñán José Manuel Balseiro critica a falta de compromiso do Goberno de Sánchez sobre a rehabilitación do cuartel da Garda Civil en Ferreira do Valadouro. Aínda que o Executivo prevé investir 190.000 euros en reparacións no patio e melloras de acceso, non se establece ningún calendario, polo que Balseiro anuncia que volverá formular outra pregunta formal para esixir datas concretas.

Sinala que as instalacións carecen de condicións adecuadas para prestar servizo ou vivir nelas, o que levou a que varios axentes solicitasen traslado, quedando só un sarxento e un garda. Desde que o Goberno se comprometeu por escrito hai oito meses, non se rexistrou ningún avance.

O parlamentario tamén subliña que se está ignorando a demanda unánime do pleno municipal, que solicitaba illamento térmico, pintado e redistribución de espazos para mellorar a comodidade e funcionalidade do cuartel, e advirte da urxencia de acometer estas actuacións.

A veciñanza de Moucide denuncia 25 anos de trabas para mover un camiño

A Asociación de Veciños de Moucide de fixo pública a súa preocupación pola longa demora do Concello do Valadouro á hora de conceder o permiso necesario para modificar un camiño que atravesaba a área recreativa e o parque infantil da parroquia. Segundo explican, levandende o ano 2000 reclamando esta actuación, acordada pola veciñanza en asemblea coa intención de mellorar a seguridade das crianzas que utilizan o espazo público.

A creación do parque infantil —feito posible grazas á cesión dun terreo ao Concello— e a presenza dun camiño que o cruza motivaron durante décadas as peticións da asociación. A proposta recibiu finalmente luz verde no pleno do 2 de marzo de 2023, malia contar cos votos en contra do grupo do actual alcalde, quen asegurou daquela que “defendería a calquera veciño que estivese en contra”, mesmo se fose un só.

A entidade veciñal afirma que, máis dun ano despois daquela aprobación plenaria, non existe aínda permiso de obra e que as xestións para obtelo convertéronse nun auténtico labirinto administrativo. “É

como buscar o formulario A-38 da Casa que Enlouquece de Astérix e Obélix”, explican, ao denunciar que —segundo lles trasladan no propio Concello— o Arquitecto Técnico remite a responsabilidade ao secretario, o secretario ao alcalde e o alcalde non ofrece unha resposta definitiva.

Os veciños sinalan que esta situación podería deberse a tres motivos. Por unha banda, apuntan a un posible interese persoal do alcalde, ao considerar que continúa afechado á postura que expresou no pleno, algo que describen como “unha maneira moi surrealista de interpretar a democracia”. Por outra, mencionan a desidia municipal, que —din— se evidencia no “lamentable estado” do parque infantil, sobre o cal presentaron numerosas instancias sen que se levantara a cabo ningunha actuación. “Se non hai parque, non hai necesidade de mover o camiño”, afirman. Finalmente, falan dun posible acto de mala fe, dado o constante tras-paso de responsabilidades entre os distintos cargos municipais cada vez que solicitan información sobre o permiso.

O proxecto para retranquear o paseo do San Bartolo está en exposición pública

O proxecto da Dirección Xeral de Costas para a actuación no paseo marítimo do San Bartolo, en Barreiros, está en exposición pública ata o 15 de decembro, permitindo que a veciñanza revise a proposta e presente alegacións. O estudo xeotécnico previo confirmou a forte inestabilidade dos treitos afectados pola erosión mariña e avalou o retranqueo do paseo como medida máis segura, así como o peche dos accesos clausurados polo Concello ao tratarse de zonas con risco

evidente. A intervención incorpora tamén a instalación de alumeadado público, unha demanda histórica que o Concello incluíu para mellorar a visibilidade e reducir a inseguridade nocturna nesa zona do litoral. A documentación pode consultarse na ligazón habilitada polo Ministerio, e as alegacións deberán remitirse ao Servizo Provincial de Costas. Esta fase supón un avance clave para garantir a seguridade e a conservación do paseo marítimo.

Deputación e Concello impulsan a nova vida da escola de Vilamartín Grande

A Vicepresidencia da Deputación aprobou o convenio de colaboración para acondicionar a antiga escola de Vilamartín Grande e convertela nun local social. O acordo supón un investimento de 109.000 euros destinado á rehabilitación integral do inmobile, construído en 1956 como escola unitaria. A actuación inclúe a renovación da cuberta, das fachadas e a redistribución interior dos espazos, ademais da substitución completa das instalacións eléctrica e de fontanería, co obxectivo de recuperar un edificio en desuso e transformalo nun punto de encontro e dinamización comunitaria.

A alcaldesa, Ana Ermida, destacou que esta intervención continúa a liña doutros proxectos municipais para recuperar antigas escolas como espazos de convivencia accesibles para toda a veciñanza. Pola súa banda, o deputado de Rural, Daniel García, subliñou a importancia de contar con infraestruturas sociais e culturais que reforcen a vida comunitaria. O Concello tamén completará a mellora exterior da antiga escola de Vilamartín Pequeno, rehabilitada este ano co apoio da Deputación.

O Goberno central avanza na protección da costa

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, destacou en Barreiros o compromiso do Executivo central coa Mariña Lucense, subliñando “planificación seria, investimentos concretos e plena defensa do litoral fronte ao cambio climático”. Blanco supervisou as obras de mellora na praia de Altar e informou das próximas actuacións no paseo de San Bartolo, acompañado da alcaldesa Ana Ermida, a segunda tenente de alcaldesa Carmen Veiga e o xefe da Demarcación de Costas en Galicia, Carlos Gil. No paseo de San Bartolo, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico redactou un proxecto para contrarrestar des-

prendementos, cun investimento superior a 325.000 euros. As actuacións inclúen nova senda litoral, espazos verdes rexenerados, bancos, miradoiros, reconstrución de áreas de descanso, iluminación e paneis informativos, respetando os criterios de sustentabilidade de Rede Natura 2000. O proxecto está en información pública ata o 6 de decembro. Paralelamente, o Goberno destina 60.000 euros á primeira fase de reparación do dique da praia de Altar, aumentando a protección dos bañistas, garantindo estabilidade costeira e mellorando as instalacións dunha das praias máis concurridas da Mariña durante o verán.

A asociación O Arco da Vella renova a dirección tras 45 anos



A asociación O Arco da Vella, de San Miguel, celebrou unha das asembleas máis relevantes da súa historia ao elixir, por unanimidade, a candidatura encabezada por Laura Teijeira Pérez, quen releva a Enrique Penabad tras 45 anos á fronte da entidade. A nova xunta está formada por Xoán Manuel Díaz Branco, Patricia López Díaz, Xoel Díaz Branco, Marta Castrillón Freire, Noelia López López e Hugo Domínguez Barbeito, que apostan por un funcionamento colexiado e colaborativo. Teijeira afirmou que asumen o mandato con ilusión e responsabilidade, lembrando que O Arco da Vella é un proxecto que vai máis

alá da música e do baile tradicional, pois xerou identidade e cohesión na comunidade. Tamén recoñeceu o legado de Penabad, a quen cualificou de figura excepcional por crear e manter vivo o colectivo durante máis de catro décadas. A nova xeración, criada dentro da asociación, considera que garantir a continuidade era unha “obriga moral”. Enfróntanse agora a desafíos como a escola con máis de cen alumnos, a organización de eventos como a Foliada ou o Festival Internacional do Emigrante e o mantemento do nivel artístico dun grupo xa referente na comarca e en Galicia.

O Concello enfróntase a novas queixas pola turbidez da auga en San Miguel

Os concelleiros do PP de Barreiros alertan dunha nova vaga de queixas polo estado no que chega a auga ás vivendas da parroquia de San Miguel. Segundo explican, numerosos veciños comunicaron que a auga sae polas billas cunha cor turbia e un aspecto que consideran “insalubre”, unha situación que —apuntan— non é puntual, senón que se leva repetindo durante varios días consecutivos. O voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, asegura que as denuncias se multiplicaron tras máis dunha semana de incidencias continuadas, sen que desde o goberno municipal se ofrecese información algunha. “A preocupación é evidente e comprensible. A veciñanza non recibe explicacións nin indicacións sobre se a auga é apta para o consumo. Esa falta de comunicación é o que máis inquieta está a crear”, sinala. A problemática concéntrase especialmente en San Miguel, aínda que o PP lembra que recentemente tamén se produciron episodios de turbidez na parroquia de San



Pedro de Benquerencia. Para os populares, isto evidencia que hai un problema que debe ser analizado e resolto con urxencia. Por iso, esixen á alcaldesa, Ana Ermida, que dea explicacións públicas sobre a orixe da incidencia e detalle as actuacións realizadas polo executivo local para restablecer a normalidade. Tamén reclaman que se informe con claridade aos usuarios sobre as medidas que deben adoptar mentres dure esta situación. “A salubridade da auga municipal é esencial”, remata dicindo.

O BNG pide priorizar o abastecemento de auga no rural

O BNG presentou unha moción para reclamar a ampliación do abastecemento de auga aos principais núcleos da parroquia de Santo Adrao, onde este servizo básico continúa sen chegar. Vilar, O Rodeiro, Redondelo, A Valiña ou Guxide son algúns dos lugares que seguen carecendo de subministración municipal. A portavoz nacionalista, Belén Fanego, advertiu de que esta carencia “pode pór en risco a saúde pública”, ademais de xerar impactos ambientais e frear o desenvolvemento económico do rural. A formación lembra que a auga potable e o saneamento son dereitos fundamentais e pide que o Concello considere esta actuación como prioritaria. A moción inclúe tamén a solicitude de reclamar ás administracións competentes o financiamento necesario para executar as obras. Fanego propón, ademais, elaborar un estudo técnico que identifique as necesidades reais en materia de saneamento en todo o municipio. O obxectivo do BNG é avanzar cara a unha planificación máis equilibrada e garantir que todos os veciños contén cos servizos básicos imprescindibles, independentemente do lugar no que vivan.

A Deputación destina máis de 200.000 euros a melloras

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un investimento de 209.652 euros destinado a diversas melloras en Lourenzá. Segundo explicou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, as actuacións cubrirán tanto obras en infraestruturas municipais como apoio a actividades culturais e deportivas que dinamicen o municipio. Entre os proxectos principais destacan a reforma do acceso ao Centro de Día, a rexeneración das beirarrúas na rúa Secretario Luís Iglesias, a renovación do pavimento das vivendas sociais e a mellora da accesibilidade e das instalacións da piscina municipal. Ademais, está previsto o arranxo do chan da Ponte da Pedra, o acondicionamento de zonas verdes e a tapización das butacas do salón de actos da Casa Consistorial. O investimento tamén contempla a colaboración en eventos culturais e de lecer, como o Entroido, as festas de Nadal e propostas teatrais, así como iniciativas deportivas, entre as que se inclúen o torneo de baloncesto “Lourenzá en Xogo” e a Milla Popular.

“O que vivimos con eles non se pode explicar: só se pode sentir”

Paz, colaboradora laurentina, relata como un concerto casual fixo renacer un vínculo profundo con África e transformou a súa maneira de ver o mundo

Por Ana Somoza.

Falamos con Paz, colaboradora laurentina da ONG Música para Salvar Vidas (MPSV). A súa historia podería resumirse nun instante aparentemente pequeno: un concerto, un encontro casual e unha emoción difícil de explicar. Mais, ao longo desta conversa, vai deixando claro que nada foi casual, que todo encaixou “como se unha porta se abrixa sen forzala” e que, de súpeto, aquilo que sentía como un sono interrompido volvía chamar á súa vida.

DESCUBRIMENTO. Ela mesma lembraba que coñecera a organización en Castropol, en abril de 2025, nun espectáculo dos Uganda Sticks. Contaba que quedaran “marabillados absolutamente coa calidade do espectáculo”, e que aquela experiencia lles espertara “un algo máxico”. De feito, recoñecía que acudiran pola súa formación como percusionistas, atraídos polo cartel que anunciaba “Os grandes Tambores de Ruanda”, mais encontraran algo que ía moito máis alá do musical: “Foi moito máis que un concerto ou un espectáculo, foi unha familia”. Paz explicaba tamén que, ao rematar aquel primeiro encontro, conversaran coa presidenta da ONG, Elisabeth, quen lles comentou que debían cancelar o seguinte espectáculo en Vegadeo por falta de entradas vendidas e polos gastos que non podían asumir. Aquele comentario, que podería ter quedado en nada, converteuse no inicio de todo: “Nós convidámoslos á nosa casa e promovemos o espectáculo a tope”, relataba, orgullosa do resultado das 135 entradas vendidas. Aqueleha visita á súa casa foi decisiva. Os rapaces transmitíronlles algo difícil de definir: “Presenza, pura presenza, educación, agradecemento, mirada profunda, colaboración e moito respecto”.

ACOLLIDA. Ao día seguinte, Paz e o seu marido Thorsten comentaron que se sentían “profundamente namorados e felices coa situación”, como se atopasen “parte da nosa familia”. Ela insistía en que sempre estiveran vinculados a África “desde o

corazón”, mais nunca pensaran que África entraría na súa casa “pola porta grande, con alegría e entusiasmo”. MPSV, dicía, veu dar sentido a algo que levaba anos adormecido na súa traxectoria vital. A súa formación profesional tamén influíu no vínculo emocional. Lembraba que é traballadora social e que ten un máster en cooperación internacional e voluntariado. Confeccionaba que durante moito tempo soñara con traballar en África,

perada. Contaba que Elisabeth, promotora de espectáculos de música clásica e de cámara, recibira un encargo do Concello de Madrid: traer un coro de voces africanas. Así chegaron uns nenos de Uganda procedentes dun orfanato. Mais, ao regresar ao seu país, non foron ben recibidos e deixáronos na rúa. “A resposta natural foi facerse cargo da situación e atendelos”, explicaba Paz. Así comezou Música para Salvar Vidas, “unha fermo-

“A colaboración é deixar de mirar só o teu pequeno mundo para formar parte de algo máis grande”

“O que fixemos foi estar abertos e dispoñibles ao que estaba sucedendo, nada máis”



“Os rapaces transmiten presenza, mirada profunda, colaboración e un respecto inmenso”

“Vivimos durmidos nunha comodidade incómoda, de costas a realidade pouco amables”

mais aquel proxecto quedara frustrado pola burocracia e polas políticas complexas do sector. Por iso afirmaba que, 25 anos despois, aquel encontro cos Uganda Sticks fixo que “todo resucitase dentro de min”. Para ela, o único que fixeran fora “estar abertos e dispoñibles ao que estaba sucedendo, nada máis”.

ORIXES. Sobre a orixe da ONG, Paz relataba que o proxecto tiña arredor de 20 anos e que nacera “de casualidade”, ou máis ben dunha responsabilidade ines-

sa historia” que a presidenta relata con detalle nalgún dos cadernos publicados pola organización. O obxectivo principal da ONG continúa sendo o mesmo: brindar ferramentas como educación e arte aos rapaces ata que alcancen independencia no seu país. Pero Paz subliñaba que a etapa máis complicada é a mocidade, arredor dos 17 ou 18 anos: cando comezan estudos superiores ou buscan traballo e necesitan apoio, sobre todo económico. “Mentres están no orfanato e van á escola, custa,



pero é máis doado; independizarse é máis dificultoso e custoso”, explicaba.

ARTE. Falaba tamén da música como ferramenta de transformación. Afirmaba que desde pequenos reciben educación artística paralela á escolar, con formación en danza, percusión e canto. A clave, segundo ela, está en que se trata de “espertar o seu talento innato”, porque os rapaces son “artistas por natureza, moi expresivos e disciplinados”. Para eles, o escenario convértese nun espazo de autoconfianza e seguridade. “É increíble percibir como o transmiten”, engadía. En Uganda, o traballo da ONG desenvólvese con persoal local, integrado e respectuoso coa cultura propia. Paz insistía en que MPSV non pretende cambiar costumes africanos, senón comprender e valorar: “En moitos sentidos, supérannos”, comentaba. O orfanato funciona como unha familia grande, con responsables locais e cunha dinámica ancestral: “Os maiores axudan aos pequenos, isto é moi africano”. Sobre o papel das persoas colaboradoras en Galicia e Asturias, Paz explicaba que organizan espectáculos, unha parte esencial da economía do proxecto. Pero engadía que non só se trata de recadar fondos, senón de divulgar realidades das que ás veces se vive afastado: “Vivimos durmidos nunha comodidade incómoda de costas a moitas realidades pouco amables”. Por iso, para ela, colaborar é tamén un acto de consciencia. Describía tamén as actividades que organizan na contorna: espectáculos dos Uganda Sticks e do grupo de gospel Aba Taano, obradoiros de percusión, charlas con demostracións, ceas benéficas ou recollidas de materiais básicos. Insistía en que os dous espectáculos son “dunha calidade excepcional” e que é un privilexio telos tan preto.

EMOCIÓN. Ao falar das emocións vividas, Paz recoñecía que os espectáculos son “moi emocionantes” e que se unha persoa é sensible, “choras seguro”. Lembraba especialmente un

concerto en Foz: “A xente saía flotando a un palmo do chan; non querían marchar”. Cando os rapaces ugandeses viaxan a España, todo se transforma. Paz describía aquelas visitas como unha festa: “É como se se reúne a familia que fai tempo que non se ve”. Destacaba a súa alegría, a súa actitude colaboradora e a capacidade de traer outra forma de estar no mundo: “A súa presenza colócanos noutro lado máis auténtico e verdadeiro”. Sobre a resposta da xente en Galicia, recoñecía que “custa moito mover á xente”, pero unha vez que van, repiten. O difícil, explicaba, é que entendan a importancia de mercar entradas anticipadas para cubrir gastos das xiras. Mais quen ve o espectáculo por primeira vez comprende que “non é arte por arte, é arte e vida”. Ademais da arte, a ONG cobre necesidades básicas: educación primaria, secundaria e universitaria, alimentación, saúde. Lembraba que en Uganda nin a educación nin a sanidade son públicas. “Agora mesmo, por exemplo, necesitamos un teclado para clases de piano”, dicía.

RETOS. Os retos principais da ONG seguen sendo económicos. Hai un terreo comprado para construír unha casa propia, xa con pozo de auga, e o seguinte paso é a electricidade e a construción. Outro reto é traer en 2026 un espectáculo conxunto con 17 artistas, que en 2025 non foi posible por falta de fondos. Paz compartía tamén o impacto persoal do voluntariado: “É deixar de mirar só o teu pequeno mundo”, dicía. Aprendeu a confiar, colaborar e sentirse parte de algo máis grande. Repetía que se trata de “saír da individualidade egoísta para entrar na solidariedade colectiva”. Para quen queira colaborar, lembraba que hai moitas opcións: facerse socio, apadrinar, apoiar espectáculos, difundir, axudar na loxística ou nas recollidas de material. E deixaba unha petición sinxela: “Colabora, con algo colabora e desfruta diso”. As súas palabras finais, xa pensando nestas datas, resúmenno todo: “Un sorriso e un canto é o mellor agasallo”.

Eco das Minas, o latexo cultural

Tania Fernández destaca o labor da asociación pontenovesa na recuperación da música tradicional e na dinamización social do concello

Por Ana Somoza.
A Pontenova non se entende sen o son das gaitas nin sen a pegada mineira que marcou o seu pasado. Nesa encrucillada entre memoria e cultura naceu hai máis de quince anos a Asociación Eco das Minas, un colectivo que, segundo lembra a súa presidenta, Tania Fernández Paz, “xurdiu porque había unha gran cantidade de alumnos que acudían á Escola Municipal de Música e se quería crear un grupo que puidera saír á rúa, participar en festas e festivais”. Co paso do tempo, a entidade foi atopando o seu propio camiño. “A directiva actual levamos uns dez anos ao fronte e apostamos sobre todo pola música tradicional, pola recuperación das pezas que forman parte da nosa identidade como concello”, explica Fernández. O obxectivo, di, “era e segue sendo darlle recoñecemento aos gaiteiros que houbo aquí, que foran nados na Pontenova, e tamén ás composicións propias da zona”. A presidenta insiste en que “somos unha terra de gaiteiros, e había moitas pezas que se estaban perdendo”. Por iso, desde Eco das Minas decidiron traballar para que “esas músicas empezaran a ter o lugar que merecen e que a xente coñecera ese pasado musical tan rico que temos”.

UN NOME CON HISTORIA. A identidade da asociación non se entende sen o seu pasado industrial. “O nome do noso grupo de música tradicional, A Chocolateira, é unha homenaxe directa ao tren mineiro que unía a Pontenova con Ribadeo”, explica Fernández. Aquel tren, que transportaba mineral e tamén persoas, deixou fonda pegada na memoria colectiva. “A xente chamáballes A Chocolateira polo ruído característico que facía a locomotora, e nós quixemos recuperar ese símbolo. É como unha viaxe musical polos concellos, levando as nosas músicas, igual que aquel tren levaba vida e comunicación”, comenta. Para Tania, esa conexión co pasado é esencial. “A mina e o tren forman parte da nosa historia. Recuperar a súa lembranza a través da música é tamén unha maneira de honrar ás xeracións que traballaron neses tempos”, di con orgullo.

ENCANTO VECIÑAL. O paso dos anos consolidou Eco das Minas como un referente cultural. “Abrimos a asociación para que todo o mundo puidera participar, non só os que se dedican á música”, subliña. O obxectivo era que fose “un punto de unión, un espazo para compartir e xuntarse arredor da cultura”. Un dos fitos máis importantes chegou

hai oito anos, cando decidiron organizar a súa propia foliada. “É o noso proxecto estrela”, afirma a presidenta. A cita celébrase cada ano a comezos de xuño e converte o pobo nunha auténtica festa da música e da tradición. “Queremos que sexa un lugar para todos, pero especialmente para os nenos, para que coñezan a nosa cultura e vexan a música tradicional como algo vivo”, sinala. Durante a foliada, explica Fernández, “hai espectáculos musicais, xogos tradicionais, obradoiros e actuacións infantís”. Entre as colaboracións habituais están as de Troitas Bravas, un colectivo que promove o deporte da billarda. “Sempre poñen todo da súa parte para meterlle á xente o verme



da billarda no corpo”, conta con humor. “Ese día é o noso día grande. É cando o pobo se enche de gaitas, de risas e de comunidade”, engade.

ORGULLO. Entre as lembranzas máis especiais de Tania está unha actuación recente. “Este ano, a principios do verán, participamos nas terceiras xornadas de música da Mariña. Foi unha experiencia fermosa e moi importante para nós”, di. A presidenta explica que prepararon as pezas “con moito traballo e coa axuda da nosa mestra de gaita e clarinete, Lucía Eirós, de Meira, unha gran profesional que nos ensinou e acompañou”. Grazas a ese esforzo conxunto, “sentímonos moi orgullosos, porque esas xornadas son moi representativas e é bonito que se nos dea valor polo que facemos”.

CULTURA VIVA. Eco das Minas non

é só música. As clases de baile tradicional convertéronse nunha das actividades máis participadas. “Xurdiron porque necesitabamos bailadores”, lembra Tania. “Somos músicos, pero para que haxa música tamén ten que haber quen baile”. A sorte acompañounos, di, ao atopar como mestre a Adrián Méndez, gaiteiro e bailador da Fonsagrada, compoñente do grupo Ninghures. “É un profesor fantástico. As clases están abertas a todas as idades, porque realmente non hai idade para bailar”, conta. “Veñen nenos, rapazada, persoas maiores... é unha actividade que une moito”, subliña. A idea é que “aprendan uns puntos e poidan saír a bailar en calquera foliada”.



dades que máis nos chegou ao corazón”, asegura.

OS CABEZUDOS. Outra lembranza especial é a recuperación dos cabezudos nas patronais. “Despois de moitos anos volvemos sacalos á rúa, acompañados da nosa música”, conta. “A xente viña vernos, preguntaba, interesábase, e bailaban connosco. Foi un dos momentos máis emocionantes que vivimos na nosa casa”.



“Facer comunidade sen perder a nosa identidade, coidar o rural e manter vivos os costumes dos nosos antecesores: esa é a nosa filosofía”

MÁIS QUE SOCIOS. Sobre o número de socios, Tania prefere non falar en cifras. “O importante é a participación. Dentro dos grupos de ioga e acuarela hai moita xente do pobo que pode facer actividade grazas á asociación. Iso é o que realmente nos representa”, explica. A participación, di, é transversal. “Hai socios máis activos, sobre todo os do grupo de música e os da escola de baile, que se implican moito nas organizacións, na foliada e noutros proxectos”. Fernández insiste en que “a clave está en facer comunidade. A asociación é de todos e para todos”.

A MOCIDADE E O RELEVO. Un dos retos é implicar á xente nova. “Animaría aos mozos a participar, a meterse no mundo do baile e da música tradicional, porque é algo que nos pertence e que non se pode per-

der”, di. A Chocolateira, o grupo de música da asociación, participa con frecuencia en festas e festivais doutros concellos. “É importante levar o noso traballo máis alá da Pontenova. Formamos parte do proxecto Tradi-galu da Deputación de Lugo, e grazas a el tocamos en moitos lugares da provincia”, explica con satisfacción. Tamén colaboran estreitamente co colexio da Pontenova. “Facemos actividades con eles polo Magosto e o Día das Letras Galegas. Este ano, como se dedicaba ás cantareiras, fixemos os Maios e aproveitamos para cantar cantigas con eles. É un orgullo levarlles a cultura tradicional ás novas xeracións”, di con entusiasmo.

O FUTURO, CON OPTIMISMO. Tania Fernández ve o futuro da asociación con esperanza. “Cada vez hai máis persoas nas actividades, e iso é un sinal positivo”, afirma. “Nos pobos pequenos é difícil acceder a certas propostas culturais, pero grazas ás asociacións conséguese manter as tradicións e facer comunidade”. Para ela, Eco das Minas xoga un papel fundamental na conservación da identidade local. “Confío nas xeracións que veñen. Creo que o noso grupo e outros doutros pobos van seguir medrando. A clave é non perder o que somos”, reflexiona. A presidenta destaca que o rural “precisa desa vida, desa unión que xorde cando se traballa xuntos por algo que nos representa”. A cultura, di, “é o fío que nos mantén conectados”.

UNHA FILOSOFÍA DE VIDA. Cando se lle pregunta que mensaxe quere transmitir á comunidade, Tania responde con claridade: “Falaría de facer comunidade sen perder a nosa identidade”. E engade: “Temos que axudar a que o rural medre, sempre coidando e respectando os costumes dos nosos antecesores. É importante manterse unido polo pobo e compartir o vivido”. Para ela, a música e a tradición non son só unha afección, senón un xeito de entender a vida. “Non queremos que a cultura quede nun museo, senón que siga viva, que se escoite e se baile”, resume. E mentres soa unha gaita nas rúas da Pontenova, o eco das minas continúa vivo, transformado agora nun eco cultural que latexa con forza no corazón da vila.

A Pontenova conta cunha nova área de xogos grazas á Deputación

O presidente da Deputación José Tomé Roca, e o alcalde da Pontenova, Darío Campos Conde, visitaron a Praza dos Fornos para comprobar de primeira man o resultado das obras de ampliación e mellora do seu parque infantil. A intervención, que supón unha transformación significativa deste espazo público, realizouse grazas a un investimento de 65.000 euros procedentes dos 115.000 euros que a institución provincial destinou ao Concello mediante un convenio que incluía tamén actuacións na rede viaria de Souto de Mogos, na parroquia de Conforto.

Tomé subliñou durante a visita que “a Deputación é o Concello dos concellos, e demostrámolo con feitos cada día”, incidindo en que esta remodelación non sería posible sen o apoio provincial. Recordou que se trata da única área de xogos do núcleo urbano pontenovés e remarcou que “un parque infantil non é só un lugar para a rapazada, senón un punto de encontro para as familias



e para a veciñanza”. O presidente tamén puxo en valor o impacto económico da intervención: “con esta mellora, contribuímos a facer máis atractiva unha praza fundamental para o desenvolvemento turístico da Pontenova”.

A achega provincial permitiu construír un novo parque infantil cuberto, cunha estrutura de madeira e lousa pensada para nenos e nenas de entre 0 e 6 anos. Esta nova zona

intégrese á área xa existente, que foi renovada mediante a substitución do pavimento e dos distintos elementos de xogo.

Tomé lembrou ademais que a Deputación acaba de asinar outro convenio co Concello por un importe de 250.000 euros, destinado a diversas actuacións, entre elas a humanización da contorna do aparcadoiro desta mesma praza, cun investimento superior aos 140.000 euros.

O Festival das Minas volve con humor, música e tradición

A Pontenova xa conta motores para celebrar unha nova edición do Festival das Minas, que terá lugar o 13 de decembro cun programa festivo que combina diversión familiar, gastronomía e humor. A xornada está organizada pola Asociación Cultural e Deportiva As Minas, coa colaboración do Concello da Pontenova e doutros organismos públicos. As actividades comezarán ao mediodía, cando ás 12:00 horas se ofrecerá unha proposta infantil de Saaabor! de Nadal, pensada para que os máis pequenos gocen dunha mañá de entretemento. Ás 14:00 horas continuará o ambiente coa tradicional sesión vermú, que servirá como punto de encontro para veciñanza e visitantes.

Pola tarde, a partir das 20:00 horas, a carpa instalada pola asociación acollerá unha degustación gratuíta de callos, un dos momentos máis agardados polos asistentes. O programa dará

un novo salto de intensidade ás 22:00 horas, cando o humorista Roberto Vilar suba ao escenario para presentar o seu espectáculo “Continueixon”, unha das actuacións estrela desta edición e que dá nome ao cartel deste ano.

A música continuará sendo protagonista ata ben entrada a noite: ás 23:45 horas terá lugar unha sesión musical de La Disquetera, que se encargará de pechar o festival cun ambiente festivo pensado para todas as idades.

Desde a organización destacan que esta proposta busca “manter vivo o espírito das celebracións de inverno na Pontenova, combinando humor, gastronomía e música nunha xornada pensada para compartir en familia e coa comunidade”.

As entradas anticipadas teñen un prezo de 12 euros e poden adquirirse en liña, ademais de estar dispoñibles de forma física en varios establecementos da Pontenova.

ourol

Os veciños esixen a cobertura inmediata da praza de médico do centro de saúde

A veciñanza de Oural manifesta o seu fondo malestar pola falta de estabilidade no centro de saúde, onde a praza de médico leva máis dun ano sen cubrir. A atención depende de profesionais que se relevan con días e horarios cambiantes, unha situación que, segundo denuncian, xera incerteza e mesmo contradicións nos diagnósticos e tratamentos. Explican que ás veces un facultativo indica unha medicación e, na seguinte consulta, outro profesional modifica a pauta ou desbota a valoración anterior, o que dificulta o seguimento sanitario.

O problema agrávase para persoas maiores ou con mobilidade reducida, que deben pagar taxis para desprazarse a outros municipios. Engaden que a saturación de áreas como Viveiro, Burela ou Lugo impide derivacións sen incrementar o colapso.

A cidadanía cuestiona a falta de planificación sanitaria e reclama unha solución urxente que garanta un servizo médico estable e acorde ás necesidades do municipio.

A Deputación impulsa o avance administrativo para construír o Centro de Maiores

A Deputación de Lugo deu un novo paso decisivo cara á construción do futuro Centro de Atención a Maiores de Oural, ao aprobar no último pleno unha modificación do convenio interadministrativo co Concello. Esta actualización permite continuar coa tramitación administrativa necesaria para que o proxecto siga avanzando. O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que o convenio inicial contemplaba un investimento de 1,6 millóns de euros, pero o importe final incrementábase ata os case 2,3 millóns debido ao cambio de localización da parcela e á finalización do proxecto básico. Este axuste económico fai imprescindible adaptar o acordo entre ambas administracións.

Grazas a esta modificación, tanto a Deputación coma o Concello poderán elaborar e emitir o informe de viabilidade da futura residencia, documento que deberá ser remitido á Xunta de Galicia. A administración autonómica é quen debe outorgar o permiso preceptivo para poder construír o centro. Só unha vez obtida esta autorización, a Deputación



estará en condicións de proceder á licitación das obras.

Rivera Capón lembrou que xa no ano 2022, no marco do Plan de Inversións do Consorcio de Servizos Sociais da Xunta, o Concello de Oural e a Deputación solicitaron apoio económico para levantar a residencia, pero a petición non foi atendida. O deputado provincial subliñou que, malia non ter competencias legais nin obriga en materia de servizos sociais, a institución provincial sente a responsabilidade de responder ás necesidades da cidadanía.

vegadeo

Vegadeo acolle o XXII Open de Xadrez Rápido, unha cita de referencia na comarca



O Concello ultima os preparativos para celebrar unha nova edición do XXII Open de Xadrez Rápido, que terá lugar os días 26 e 27 de decembro, ás 18:00 horas, no Auditorio Félix Menéndez, situado na Casa da Cultura. A competición, xa totalmente consolidada no calendario deportivo da comarca, reunirá afeccionados e xogadores experimentados nun ambiente que combina tradición, rivalidade e promoción do xadrez.

O sistema de xogo escollido será o suízo a 7 roldas, con partidas rápidas de 15 minutos máis 5 segundos de incremento por movemento, un for-

mato dinámico que garante tensión e ritmo durante as dúas xornadas.

O torneo repartirá premios económicos entre as distintas categorías. O podio absoluto estará dotado con 300 euros para o primeiro clasificado, 240 euros para o segundo e 140 euros para o terceiro. Ademais, haberá galardóns específicos: mellor xogador local, mellor participante maior de 50 anos e mellor menor de 18 anos.

A inscrición é gratuíta e pode realizarse a través da páxina oficial do Concello de Vegadeo ou do Club Ajedrez Valdesva. O prazo permanecerá aberto ata o 23 de decembro.

DEPUTACIÓN

A Deputación aproba os orzamentos e a declaración contra a violencia de xénero

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante este martes os Orzamentos da institución provincial para o vindeiro 2026, que superan os 135 millóns e euros “para consolidar o crecemento económico e social da provincia”. Soben máis dun 3,7% respecto aos do 2025 e darán continuidade o proxecto de impulso do benestar social, “apostando con firmeza polos servizos públicos”; e de fomento das actividades produtivas, “potenciando os sectores estratéxicos”.

Así os valorou o presidente, José Tomé Roca, antes da sesión plenaria que abandonaron os deputados do PPdeG antes da votación. O mandatario provincial cualificou de “lamentable” o seu comportamento, pediulles madurez política, seriedade e responsabilidade para “deixarse de espectáculos e poñerse a traballar”. “Levan cinco anos de rexeitamento sistemático á previsión de fondos da Deputación, porque teñen unha posición fixa de bloqueo, non do resultado dun análise real do contido dos presupostos”, reprochou. As con-

tas da Deputación foron aprobadas grazas aos votos a favor do PSdeG e do BNG.

Durante o Pleno, a Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, puxo en valor uns orzamentos que “están deseñados para avanzar no proxecto de progreso social e económico”, asentado nas políticas sociais, a mellora da mobilidade, cooperación cos concellos e o apoio aos sectores produtivos. Uns números “realistas”, porque se mantén o nivel de execución orzamentaria no 85%; “investidores”, porque soben aos 19,5 os investimentos reais e “profundamente sociais”, cunhas transferencias correntes que chegan aos 18,5M€.

Destacou tamén a “débeda cero” da institución provincial, proba dunha xestión “rigorosa, responsable e comprometida co uso eficiente dos fondos públicos”.

POLÍTICAS SOCIAIS. Os orzamentos reservan 41M€ ás políticas sociais. “Seguiremos tecendo a nosa

rede de protección social, que é ampla e forte, con 41M€ que destinaremos a seguir poñendo a disposición da veciñanza residencias para maiores públicas e de calidade, ao SAF ou á Teleasistencia”, detallou a Deputada de Economía. Nese sentido, explicou que os Centros de Atención a Maiores dan cobertura a 300 persoas, a Teleasistencia domiciliaria coida doutras 2.000 e que mediante o Servizo de Axuda no Fogar, a Deputación cofinancia ao ano 200.000 horas de atención para preto de 2.000 usuarios e usuarias.

11,5M€ irán destinados aos Centros de Atención a Maiores, son case 700.000€ máis que o ano pasado. Uns fondos que servirán para manter en funcionamento as residencias de Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil; e para continuar avanzando nos proxectos que a Deputación ten comprometidos noutros 9 municipios da provincia. Nese sentido, destacou que 4 –Becerreá, A Pontenova, Guitiriz e A

Pobra do Brollón- abrirán a corto ou medio prazo.

A mellora da mobilidade seguirá concentrando un “importante esforzo investidor” de 27M€ por ser “o primeiro factor de igualdade territorial”. E detallou Carmela López Moreno que esa partida incluírá no 2026 a obra nova, conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil. Nese sentido, valorou que a institución provincial daralle continuidade “ao mellor plan de estradas da historia da Deputación” posto en marcha este ano, baseado en criterios técnicos, “co que estamos a realizar neste 2025 máis de 100 actuacións en 52 concellos da provincia, sen distinción de cores políticas”.

Explicou a Deputada que só a través do Plan Deputación a institución mobilizarán no 2026 22,25M€, cun incremento respecto a este ano de 250.000€, cumprindo así co acordo de Goberno de subilo nun millón de euros este mandato. Ademais destacou entre as políticas de apoio aos municipios o Centro de Innovación Terri-

torial, un proxecto “pioneiro” que contará con 850.000€ achegados entre a institución provincial e o Goberno de España para situar o rural no epicentro das políticas de desenvolvemento.

Por outra banda, a Deputación reserva para o 2026 13,5M€ a políticas estratéxicas, que terán un impacto no sector primario, o comercio, a hostaleira e o turismo. Nese sentido, a Granxa Gayoso Castro contará cun investimento de 2M€; as políticas vencelladas ao turismo, subirán ata os 3,5M€; e a área de Medio Ambiente, outros 3,5M€.

DECLARACIÓN. Aprobada ademais por unanimidade unha declaración institucional polo 25N, o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Mediante este texto a Deputación reafirma o seu compromiso “firme e irrenunciable” para erradicar a violencia exercida contra as mulleres e condena todas as formas de violencia machista, incluíndo a negociación ou a súa minimización. Nun ano no que van 38 mulleres asasinadas en todo o ano en todo o Estado Español, dúas delas en Galicia, a institución provincial mostra no texto o seu apoio ás vítimas, animando á cidadanía a actuar unida, rexeitando a violencia.

EN BREVE



CONVENIO. A Deputación de Lugo e a Federación da Asociación de Veciños Lucus Augusti veñen de asinar tres convenios de colaboración polos que a institución provincial destinará un total de 22.000 euros á entidade veciñal.



ESTRADAS. O presidente presentou en Ribeira de Piquín o Plan de Vialidade Invernal da institución para a temporada 2025-2026. Un operativo composto por 112 persoas e 64 máquinas que terá por obxectivo garantir unha resposta “áxil e eficaz” ante as incidencias na rede viaria provincial.

Tomé reclama na FEMP partidas para as competencias asumidas

O presidente participou en Madrid na Xornada sobre o Futuro das Deputacións Provinciais, organizada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e celebrada na súa sede institucional. A cita reuniu responsables provinciais, representantes municipais, persoal técnico da administración local e expertos en gobernanza pública para debater sobre os desafíos estruturais e de futuro das deputacións, nomeadamente o financiamento, a gobernanza e o equilibrio territorial.

Tomé Roca puxo o foco na necesidade de abordar con rigor a situación das competencias impropias que as deputacións están a asumir, en especial no ámbito dos servizos sociais, un eido no que as demandas crecen e a responsabilidade das entidades provinciais é cada vez maior. “É fundamental reforzar o papel das deputacións como institucións de cohesión territorial, garantes da igualdade de oportunidades e do apoio técnico e económico aos concellos máis pequenos. Pero as competencias teñen



que estar acompañadas de financiamento. E non o digo eu, é que o di a propia Lei”, afirmou o presidente. Subliñou que se trata dun asunto “vital, que todas as deputacións debemos reivindicar de maneira conxunta, desde a cooperación institucional e co obxectivo de garantir servizos públicos de calidade en todo o territorio”. Nese sentido, falou do caso da Deputación de Lugo, que ten unha rede de Centros de Atención a Maio-

res con 9 residencias funcionando e con outras 9 proxectadas, en construción ou en trámites de apertura. Ao tempo, defendeu o papel das deputacións como institucións “próximas e imprescindibles para o equilibrio territorial e o apoio ao municipalismo, especialmente no rural”, lembrando que sen elas os concellos carecerían da capacidade necesaria para prestar servizos esenciais en condicións de igualdade.

DEPORTES

O IV Trail Muiños de Riotorto entra por primeira vez no calendario galego

O IV Trail Muiños de Riotorto dá un paso adiante ao incorporarse ao calendario oficial galego de trail running 2026, consolidándose como unha proba de referencia. A carreira, que se disputará o 23 de maio, integrará as distancias Classic e Preclassic dentro da Serie Prata, o que atraerá a numerosos deportistas interesados en puntuar nunha tempada especialmente competitiva. O anuncio chegou acompañado dun avance do calendario galego, que inclúe citas nas catro provincias e varios campionatos autonómicos e estatais. A tempada abrirase o 31 de xaneiro co Trail Terras de Burón, na Fonsagrada, e continuará con probas como o Castro Trail (14 de febreiro), o Trail Ribeiras do Tambre (8 de marzo), o Trail Laxe dos Bolos (15 de marzo) e o Trail Cova da Bruxa (29 de marzo), primeira carreira da Serie Ouro. En maio celebrarase o Trail Vila de Cuntis e en xuño as Carreiras de Montaña de San Pedro de Rocas.

A Deputación reforza o apoio ao deporte base en Viveiro

A Deputación de Lugo reforza o seu apoio ao deporte base en Viveiro mediante dúas achegas que permitirán renovar e mellorar a mobilidade do Club de Piragüismo Viveiro e do Club Ciclista Viveiro. O vicepresidente provincial, Efrén Castro, e o deputado de Mocidade, Daniel García, visitaron recentemente ambas entidades para coñecer de perto o traballo que desenvolven e confirmar o compromiso da institución provincial coa promoción deportiva na Mariña.

No caso do piragüismo, a Deputación financiará a adquisición dunha nova furgoneta con cargo aos orzamentos de 2026. A directiva explicara en diferentes encontros a urxencia de substituír o vehículo actual, que leva anos dando servizo a competicións e actividades formativas. Os representantes provinciais salientaron que esta achega forma parte dun plan máis amplo de modernización, no que tamén se inclúen melloras en han-



gares, axudas extraordinarias para embarcacións e investimentos destinados a reforzar a actividade competitiva dun deporte que require mobilidade constante dentro e fóra de Galicia.

Pola súa banda, o Club Ciclista Viveiro recibirá unha axuda excepcional de 18.000 euros para mercar un vehículo de segunda man destinado ás categorías inferiores da súa escola de ciclismo de estrada, na que participan mozos e mozas de entre 5 e 17 anos de Viveiro e doutros concellos da comarca. Castro e García destacaron

o carácter histórico do club e a súa aposta por manter viva unha tradición que leva décadas formando ciclistas. A directiva agradeceu o apoio institucional e puxo en valor a implicación de Alejandro Paleo e David Álvarez, antigos integrantes que agora colaboran como adestradores. O novo vehículo permitirá realizar desprazamentos máis cómodos e seguros a probas e adestramentos por toda Galicia, garantindo a continuidade dun proxecto que fortalece o deporte base na Mariña.

Barreiros pecha o circuíto +KmsBarreiros 2025 coa tradicional gala

O Concello de Barreiros celebrou a gala de clausura do circuíto +KmsBarreiros 2025 no centro sociocultural, reunindo corredores, familias, colaboradores e afeccionados. Presidida pola alcaldesa, Ana Ermida, xunto ao concelleiro de Deportes e deputado Dani García, a cita repasou os momentos destacados das seis probas do calendario: Carreira Solidaria de Reis, Carreira das Praias, 1/2 Km Vertical, Benquerencia Terra-Mar, Trail Monte Comado e Ao Son do Masma. Durante o acto entregáronse trofeos, agasallos e 1.000 euros en premios, con Miriam Folgueira Rico e David Manuel Martínez Rodil como vencedores absolutos. Recoñeceu tamén a constancia de atletas que completaron todas as probas. Ademais, entregouse á Asociación Saúde Mental A Mariña a recadación de 667 euros da Carreira Solidaria. Ermida destacou o espírito solidario e deportivo do circuíto, e García agradeceu a colaboración de patrocinadores, entidades e voluntarios que fan posible o éxito desta iniciativa.

Alfoz e O Valadouro acollen unha nova edición do Enduro

Os Concellos de Alfóz e O Valadouro preparan unha fin de semana intensa coa celebración do seu Enduro, unha das citas destacadas do calendario motociclista da zona, que terá lugar os días 13 e 14 de decembro. A proposta promete atraer tanto a pilotos experimentados como a público afeccionado ao motor, que cada ano se achega a gozar dunha disciplina que combina resistencia, habilidade e un percorrido técnico ao aire libre.

A organización explicou que o evento se desenvolverá ao longo das dúas xornadas, cun programa deseñado para ofrecer unha experiencia deportiva completa. O Enduro está promovido polos Concellos de Alfóz e O Valadouro, que traballan de maneira conxunta para consolidar esta proba na comarca, contando tamén coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Desde ambas entidades subliñan a importancia de eventos deste tipo, capaces de dinamizar a vida social, atraer visitantes e reforzar o deporte de base ligado ao motor.

Galdo será o epicentro da Cronoescalada Monte Castelo

A tradicional Cronoescalada Monte Castelo 2025 xa ten data e punto de encontro: será o domingo 21 de decembro na contorna da igrexa parroquial de Galdo, en Viveiro, onde arrincará unha das probas máis esixentes e singulares do calendario deportivo local. A organización corre a cargo da Peña Ciclista Gráficas Lar e do Concello de Viveiro, que convidan a deportistas e afeccionados a desfrutar dun percorrido tan duro como espectacular.

A competición desenvolverase polos sendeiros e pistas do Monte Castelo, con trazados diferenciados para corredores e ciclistas, minimizando así a coincidencia entre participantes e garantindo unha maior seguridade. A estrutura da proba mantén o seu formato clásico: unha contrarreloxo individual para bicicletas e outra para trail running, ademais da popular andaina, pensada para quen desexe gozar da montaña a outro ritmo.

No apartado técnico, as distancias volven poñer o listón ben alto. Os participantes en BTT afrontarán

un percorrido de 6,5 quilómetros, cun desnivel positivo de 500 metros e unha pendente media do 8 %. Para quen prefira correr, o tramo de trail será máis curto pero notablemente máis vertical: 3 quilómetros e tamén 500 metros de desnivel, cunha pendente media do 20 %, que converte esta parte da proba nun auténtico desafío físico. A andaina, pola súa banda, terá arredor de 10 quilómetros de lonxitude e o mesmo desnivel acumulado. Os tracks estarán dispoñibles na plataforma de inscrición e nas redes sociais da organización.

A xornada comezará ás 10:00 horas, coa saída diante da igrexa de Galdo, mentres que a meta estará situada no alto de Monte Castelo, xunto á capela. A recollida de dorsais poderase efectuar na propia igrexa tanto o día anterior como o mesmo día da proba, ata quince minutos antes do inicio. As persoas participantes contarán con servizo de duchas no colexio de Galdo, e a entrega de premios tamén terá lugar na igrexa.

As choivas impulsan ás Troitas Bravas no XIV Aberto do Minho

O espazo Navelgrado Area acolleu o XIV Aberto de Billarda do Minho, un torneo recoñecido polo seu forte compromiso social. A organización correu novamente a cargo do Centro Social Mádia Leva, que conseguiu artellar un evento impecable malia ás duras condicións meteorolóxicas. Un total de 77 palanadoras e palanadores participaron na terceira xornada da Liga da Conferencia Norleste, soportando unha choiva persistente e temperaturas baixas. Nin o frío nin o terreo esvaradío impediron que a tribo billardeira amosase nivel, incluídos golpes espectaculares para superar o varal.

As Troitas Bravas, beneficiadas polo regreso das choivas, impuxéronse por un só punto aos até agora invictos Billardeiros Musicais. O terceiro posto por equipos foi para a formación encabezada por Gundar da Pena Estúa, o popular "showman do Mandil", quen mantén o pulso co líder da clasificación absoluta, Marcos Rodríguez Rodríguez, de Billardeiros Musicais.

Na categoría infantil, Mateo consolidou o liderado con 16 puntos,



seguido por Antía con 11 e por Mateo, de Mádia Leva, con 4. En donas destacou o regreso de Aroa Fiallega, que, tras ausentarse na xornada anterior, reapareceu con forza e acadou o primeiro posto con 17 puntos, acompañada no podio por Cris e Vanessa, ambas do Castiñeiro Milenario.

Na categoría absoluta, David Navallo reencontrou a súa mellor versión e venceu con 21 puntos, por diante de Santi de Carabullo, con 20, e de Manu Pozo, dos Billardeiros Musicais, con 19. A próxima cita será o 14 de decembro en Friol, cun novo Aberto da Conferencia Norleste.

**GRUPO
FORMA-t**
formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605